REAL ACADEMIA GALEGA

PRESENCIA DE CASTELAO NA ACADEMIA

TEXTOS INÉDITOS E OUTRAS PÁXINAS

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1999

ADEMIA
GA
RUÑA
363
teca

SIG 38363

PRESENCIA DE CASTELAO NA ACADEMIA

TEXTOS INÉDITOS E OUTRAS PÁXINAS

Edición de
XESÚS ALONSO MONTERO

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1999

R 8980 Dec99 RAG

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

I.S.B.N.: 84-87987-20-6 Depósito Legal: VG-984-1999

© REAL ACADEMIA GALEGA 1999

Producción: EDITORIAL GALAXIA S.A.

LIMIAR

SIGNIFICADO DESTA HOMENAXE

Ó se cumprir neste ano 2000 o cincuentenario do pasamento de Castelao, a Real Academia Galega non podía quedar á marxe da conmemoración. De primeiras, por ser o gran artista e escritor a figura máis sobranceira da Galicia dos nosos días. O tema central que o sinalou foi o ser galego, real, concreto, ollado na súa integridade. Toda a obra propia, estivo encarreirada a crear unha nova visión do país, ó traballo polo logro doutra Galicia. A vitalidade aglaiante do seu espírito non coñecía o descanso, nen o abatemento. Era un mestre que comunicaba ideas vivas, manantes, sen fachenda nen retórica. Ensinou a terra esencial, profunda. A vida histórica e máxica de Galicia. A supervivencia e destino dos galegos.

Pero, sobre todo, o que a Academia quere ofrecer neste volume conmemorativo, preparado axeitadamente por Alonso Montero, é o que Castelao significou como membro numerario da institución. Foi elixido no 1933 para ocupa-la vacante de Xaime Ozores de Prado, marqués de Hombreiro. Tempos despois, o 25 de xaneiro de 1934, produciuse o seu ingreso, coa lectura dun memorable discurso sobre *As cruces de pedra na Galiza*. Era este un tema moi querido por Castelao, no que andaba a traballar desde había anos. Mesmamente ía ser o que daría a coñecer cando entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Nembargantes, diversas entrequerencias torceron o propósito e variaron a súa intención no tocante ó título escollido para se incorporar a esa entidade cultural.

Na inesquecible sesión académica na que foi recibido como numerario, leu, pois, o discurso co título devandito. O seu contido viña ser o resultado da esculca que fixera, durante lustros, no labor artístico dos canteiros escultores. Examinou nel a historia dos cruceiros, das pezas que os compoñen, as basamentas, os varais, os capiteis, os crucifixos... O heroe do seu poema de

pedra atopouno ó chegar ó pé deles, verdadeiras creacións populares. Mesmo apañou lendas, costumes, que se mantiñan nas gradas sobre as que se ergueron as cruces de pedra. Antón Vilar Ponte respostoulle ó recipendiario, no nome da institución, con palabras cheas de agarimo e admiración.

As tonalidades artísticas, intelectuais e humanas que o distinguían, testemuñaban a importancia da súa incorporación ás tareas académicas. A fonda galeguidade, o amor ó país, era indisolubles. Falou coa grave, aquecida, case dorida entoación, que coñecían cantos o oíran ler. A emoción transmitiuse de contado ó auditorio, gañado pola beleza do discurso, pero tamén polo fondo latexo humano. Ó se situar na tribuna, parecía como se o recinto se iluminase. Posuía a serenidade dun home xenial e modesto, doce e enérxico a un tempo. Durante a lectura o silencio era profundo. A orde da exposición era perfecta. Sen embargo, a elocuencia natural rebordábao.

Alonso Montero conta neste volume lembratorio o breve espacio de pouco máis de dous anos que lle foi dado a Castelao para manter a súa presencia física nas reunións da Academia. Mais, por razóns que nestas páxinas se explican, non se declarou vacante a cadeira mentres viviu. Cubriuna moito tempo despois, en 1956, Antonio Fraguas, estudioso da nosa cultura popular e admirador de quen o precedera. Otero Pedrayo, encargado de lle respostar ó novo numerario, tiña xa publicado un texto de devoción admirativa sobre o que fora seu grande amigo. Figuraban nel estas palabras: "Lenzo de afervoada lembranza que pon o nome de Castelao cos de Rosalía, Pondal, Curros, Murguía no cruceiro de inmorrente lume do ceo de Galicia".

A Academia festexou en varias ocasións a personalidade do seu singular membro numerario. En 1961 editou a conferencia *Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura*, da súa autoría. En 1975 adicou un número especial do *Boletín* á vida e obra de Castelao, no que colaboraron vinteoito escritores. De todo iso dáse cumprida referencia neste volume. Reprodúcense nas súas páxinas prosas inéditas, debidas a numerarios que se ocuparon nas intervencións académicas do ilustre rianxeiro. Así, de Otero Pedrayo na resposta a Antonio Fraguas. De Sebastián Martínez-Risco, na contestación a Ánxel Fole. De Ramón Piñeiro respostando ó discurso de Marino Dónega.

Remata o volume cunha coroa literaria na que figuran diversos poemas para Castelao, desde 1917 a 1988, escritos por autores membros da Academia. Ademais dun relato poético en prosa de Emilio Álvarez Blázquez, poemas de Eladio Rodríguez, Ramón Cabanillas, Iglesia Alvariño, Blanco-Amor, Sebastián Risco, Rafael Dieste, Franco Grande, García Bodaño, Luz Pozo e Paz-Andrade.

Este libro homenaxe, co que a Real Academia Galega contribúe a celebrar o cincuenta aniversario do pasamento do gran guieiro, limítase ó campo estricto da institución. Sen embargo, dos testemuños aquí recollidos, infírese

o insólito significado que lle correspondeu representar. Porque o seu talento e imaxinación creadora non lle permitían estar entre as reixas dun programa ríxido e sen alas. Do seu labor xurdiron rafegas ideolóxicas e de emoción que abanearon rexamente os espíritos. Ninguén podía fuxir dos dominios daquel intelixente sentimento superior e daquel corazón evanxélico.

Ensinou Castelao coa austeridade da súa vida. Iluminou os espíritos sedentos, e as sementes que sementou non caíron en terreo ermo. Tiña conciencia da súa misión e a ela consagroulle a vida enteira. Foi moralmente grande por virtude natural. Atopou a gloria sen a buscar, no camiño do deber. En días de verdadeira proba mantívose como ser belamente dotado, en chea identificación con Galicia e o ideal humano.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

CRONOLOXÍA

CASTELAO NA ACADEMIA / A ACADEMIA E CASTELAO

1933

Castelao é elixido membro numerario da Academia o 27 de abril a proposta de Marcelo Macías, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco.

Ingresará o 25 de xullo de 1934.

1934

Castelao le o discurso de ingreso *(As cruces de pedra na Galiza)* o 25 de xullo de 1934, ó que lle resposta Antón Vilar Ponte.

Discurso e resposta publicáronse, pola Academia, en 1964. No opúsculo figura, como limiar, esta nota:

> Alfonso R. Castelao sucedeu na cadeira académica ó distinto prócer don Xaime Ozores de Prado, marqués de San Martín de Hombreiro[1], e denantes de ler o seu discurso de ingreso fixo, como é preceptivo, a lembranza do seu antecesor en fondas e sentidas palabras.

Cómpre aclarar que o orixinal de Castelao, obrante na Real Academia, non contén a "laudatio" preceptiva.

A Academia garda unha fotografía feita no salón da alcaldía da Coruña o día da recepción. Acompañan a Castelao, entre outros, Sebastián González, Enrique Peinador Lines, Lugrís Freire (presidente), A. Vilar Ponte e Otero Pedrayo.

Vid. 1933.

1. De feito o seu antecesor, como académico electo, foi José Pan de Soraluce, que falece en Madrid no ano 1948. Ramón Villar Ponte afirma que non tomou posesión "por ausencia" (*Días, hechos y hombres de la Real Academia Gallega*, La Coruña, Impr. Moret, 1953, p. 45).

1950

R(amón) O(tero) P(edrayo), "Castelao", *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 289-293 (enero de 1946-diciembre 1950), 1950, p. 159-160.

Trátase da necrolóxica, asinada —só esta nese número do *Boletín*— coas iniciais do autor (R.O.P.).

1951(a)

Antonio Fraguas é elixido membro numerario (12 de febreiro), a proposta de Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Iglesias, na vacante de Castelao, que finara, en Buenos Aires, o 7 de xaneiro de 1950.

Ingresará o 8 de maio de 1956.

1951(b)

Discurso de ingreso (16 de xuño) de Ramón Villar Ponte co título *A xeración do 16* ó que resposta Ramón Cabanillas.

Edición: A Coruña, Publicacións da Real Academia Galega, 1977. Dedícalle a Castelao tres páxinas: 23, 34-35.

1953

Discurso de ingreso de Sebastián Martínez-Risco y Macías (18 de abril) titulado *O sentimento da xustiza na literatura galega* ó que respostou Manuel Banet Fontenla. A edición, pola editorial Galaxia, é, segundo X. R. Freixeiro Mato[2], de 1955. Dedica á obra plástica e literaria de Castelao dúas páxinas (36-38).

1955

Vid. 1953.

1956

No seu discurso de ingreso, o día 8 de maio (*Coplas cantadas nas ruadas de Loureiro de Cotobade*)[3], Antonio Fraguas fai unha ampla e emotiva "laudatio" de Castelao. Na resposta, Otero Pedrayo fala de Castelao "ex abundantia cordis". Discurso e resposta están inéditos. As páxinas referidas a Castelao nun e noutro traballo publicámolas neste volume.

Vid. 1951(a).

2. *Sebastián Martínez-Risco, ensaista e poeta*, Edicións do Castro, 1996, p. 462.

3. O texto do discurso obrante na RAG carece de título. No comezo do estudio, Antonio Fraguas indica: *... pretendemos facer un comentario... dunhas cantas coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade, na provincia de Pontevedra, onde temos recollido un importante cancioneiro.*

1960

Ingresa na Academia Francisco Fernández del Riego (26 de novembro) co discurso *Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores,* ó que resposta Ricardo Carballo Calero. Foi publicado, pola Institución, en 1973. Sobre Castelao tratan as páxinas 55-56, 66 e 73-74.

1961(a)

Don Alejandro Barreiro López doa unha autocaricatura de Castelao (abril).

1961(b)

Castelao, *Humorismo. Dibuxo humorísteco. Caricatura* (Conferencia marzo-1920), Publicacións da Real Academia Gallega, A Coruña, Litografía e Imprenta Roel, 1961. Nas "Verbas limiares" lemos:

> A Real Academia Gallega conserva como preiada xoia nos seus arquivos, por doazón xenerosa do ilustre e sempre lembrado académico de número don Ramón Villar Ponte, o manuscrito dista conferencia, proferida polo que foi tamén seu esgrevio membro numerario don Alfonso R. Castelao na esposición das súas obras celebrada na cibdade da Cruña o ano de 1920. Non era xusto nin atinado manter por máis tempo no "in pace" do olvido tan interesante traballo, inserto no xornal A Nosa Terra daquela data de xeito parcial e sin os espresivos e certeiros dibuxos que ilustran o texto.

1963

O 5 de outubro Ánxel Fole le o discurso de ingreso *Castelao i a tradición galeguista* ó que lle resposta Sebastián Martínez-Risco. Fora elixido membro numerario o 29 de outubro de 1961. O discurso (sen a resposta) foi publicado por primeira vez na colectánea, preparada por Claudio Rodríguez Fer, *Cartafol galego,* Vigo, *A Nosa Terra*, 1996, pp. 53-66. O mesmo estudioso recolle este discurso (sen a "laudatio" de Manuel Casás) en *Obra gallega completa*, vol. 1, Vigo, Galaxia 1977, pp. 295-309.

Uns fragmentos do seu dircurso académico foran publicados, co título "Castelao i o pobo galego", en *El Progreso* de Lugo, o 17 de maio de 1964.

1964(a)

Por iniciativa de Isidro Parga Pondal, Aguas de Mondariz de Hijos de Peinador, S. A., cedeu, en depósito, á Academia, tres cadros ó oleo de Castelao. Os cadros ingresaron na pinacoteca da Corporación o 8 de febreiro de 1964 (Vid. BRAG, diciembre de 1968, pp. 150-51). A empresa fixo logo a doazón en firme dos tres cadros (Vid. BRAG, diciembre de 1973, p. 206).

1964(b)

A Academia acorda que sexa Castelao o escritor do Día das Letras Galegas o próximo 17 de maio.

1966

R. Carballo Calero, *Breviario antológico de la literatura gallega contemporánea*, Publicaciones de la Real Academia Gallega, Tip. José Prats Bernadás (Barcelona), 1966. Textos, en edición bilingüe, de quince escritores (Rosalía, Curros, Cabanillas, Dieste...). Castelao está representado por dous capítulos de *Cousas* ("Chámanlle a marquesiña..." e "O fillo de Rosendo...") e un conto de *Retrincos* ("O retrato").

1970

Cincuentenario de Nós, boletín mensual da cultura galega (1920-1970). Homenaxe da Real Academia Gallega, A Cruña, 1970. O volume contén senllos artigos de trinta e un escritores que xa colaboraron en *Nós* ademais do prólogo de Sebastián Risco e os Índices da revista elaborados por Xosé Ramón Fernández-Oxea. Castelao —non podería ser doutro xeito— está moi presente en non poucas páxinas desta publicación conmemorativa. Dentro das colaboracións plásticas, cómpre salientar un retrato de Castelao, obra de Isaac Díaz Pardo.

1973(a)

Discurso de ingreso, o 3 de novembro, de Marino Dónega Rozas titulado *A resignación e maila rebeldía na novela de Castelao "Os dous de sempre"*, ó que respostou Ramón Piñeiro López.

Publicouse na colectánea do autor *A memoria e os amigos*, Trasalba, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1994, pp. 17-34. Omite a "laudatio" (sobre Xosé Espinosa Rodríguez, o seu predecesor no escano). Como prólogo do volume figuran unhas páxinas (non todas) da resposta de Piñeiro. As referidas a Castelao, inéditas, publícanse neste por primeira vez.

1973(b)

Vid. 1960.

1973(c)

Don Federico Zamora Mosquera doa á Academia (o 25 de setembro) o manuscrito autógrafo do conto "O retrato".

O texto deste manuscrito contén diferencias estilísticas de certa importancia verbo do publicado por Castelao na primeira edición de *Retrincos* (Santiago, Nós, 1934). Ofrecemos, en apéndice, o seu facsímile.

1975(a)

A Academia dedica integramente o número 357 do seu *Boletín* (xaneiro) á vida e á obra de Castelao. Colaboran, entre académicos e non académicos, vinteoito autores.

O número, publicado co gallo do XXV cabodano, recolle tamén as alocucións proferidas no Círculo de Artesanos da Coruña, o 24 de xaneiro de 1975, polos académicos Sebastián Martínez-Risco, Marino Dónega, Rafael Dieste e Ricardo Carballo Calero.

1975(b)

Dona Teresa Rodríguez Castelao doa á Academia unha fotografía de Castelao neno (antes de emigrar á Pampa). Vid. M. Espiña Gamallo "Un retrato de Castelao obtido na súa infancia", BRAG, nº 357, 1975, pp. 34-35.

1977

Vid. 1951(b).

1994

Vid. 1973(a).

1996

Vid. 1963.

X. A. M.

A ACADEMIA E CASTELAO EN TEMPOS MENESTEROSOS (1936-1975): PRESENCIAS, HONRAS, PROBLEMAS...

Castelao foi académico "normal" menos de dous anos, entre o 25 de xullo de 1934 e o 18 de xullo de 1936. En realidade, a aportación feita por Castelao á Academia redúcese ó discurso de ingreso na Corporación, *As cruces de pedra na Galiza*, ese magnífico estudio que é o preludio da monumental obra homónima de 1950.

Pouco máis podía aportar Castelao nun período tan complicado da súa vida. Lémbrese que vai vivir case un ano no desterro de Badaxoz (entre novembro de 1934 e setembro de 1935). Xa na Terra, van ser absorbentes, para el, as actividades políticas, tres fundamentalmente: os pactos do Partido Galeguista co Frente Popular, as eleccións lexislativas do 16 de febreiro de 1936 e a campaña do Estatuto de Autonomía do 28 de xullo dese ano.

1. CASTELAO NON CAUSA BAIXA NA ACADEMIA (1936-1950)

O Alzamento do Dezaoito de Xullo, que se ensañou co Seminario de Estudos Galegos, foi contemporizador coa Real Academia Galega, unha institución, para as forzas rebeldes, moito menos preocupante có Seminario. Na confusa e perigosa situación dos primeiros meses da Guerra Civil, era indispensable, para as autoridades do novo Réxime, que a Academia fose presidida por un home no que se puidese confiar politicamente. Era o caso, sen dúbida, de don Manuel Casás Fernández, tan de confianza que nos primeiros días da sublevación os mandos militares da Coruña ofrecéronlle a alcaldía da cidade[1],

1. Noticia que debo —e algunha outra— a Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, que prepara, desde hai tempo, unha tese de doutoramento sobre a Historia da Real Academia Galega.

cargo que xa desempeñara, durante dous anos (1925-1927), na Dictadura de Primo de Rivera[2]. Declinou tan alta responsabilidade alegando a súa avanzada idade (69 anos) e algún problema de saúde.

Cómpre aclarar que don Manuel Casás, home de orde e moi conservador, non era, falando con propiedade, un fascista. A esta ausencia de brutalidade e de talante fanático, nunha persoa que era, ó seu modo, un cabaleiro dos de antes cun certo espírito liberal, débese, moi probablemente, que Castelao non fose dado de baixa no escalafón académico.

Non consta, documentalmente, que o señor Casás fose presionado polas autoridades políticas para que declarase vacante a praza de académico numerario de quen, desde o verán de 1936, estaba expatriado, pero é case impensable que non houbese, daquela, algún tipo de presión para borrar da existencia oficial un nome tan odiado polo Poder político, sobre todo desde que foi ministro, en París, dun goberno da "anti-España" (1946-1947). Xa o 18 de abril de 1939 Castelao fora "separado definitivamente" do seu posto na Delegación de Estatística de Pontevedra "sin necesidad de expediente de depuración ni audiencia al mismo..."[3]

Hoxe coñecemos con detalle un episodio, referido á Real Academia Española de la Lengua, que pode ilustrar a cuestión que aquí nos interesa. Cóntao Alonso Zamora Vicente na súa recente —e monumental— *Historia de la Real Academia Española*[4]:

> ... el 5 de junio de 1941, la Academia recibió la orden del Ministerio de Educación que daba de baja en su condición y atributos de académicos a seis expatriados: Ignacio Bolíbar, Niceto Alcalá Zamora, Tomás Navarro Tomás, Enrique Díez-Canedo, Salvador de Madariaga y Blas Cabrera. La Academia tomó buena nota del deseo ministerial y desobedeció el mandato[5].

Exposto isto, Zamora Vicente apostila:

> Fue la única institución del Estado español que se atrevió a hacerlo. Nunca declaró las vacantes mientras vivieron los interesados.

O autor desta *Historia* aclara en nota que o oficio ministerial desapareceu dos arquivos da Real Academia Española, non así a acta na que se consigna.

2. O señor Casás foi nomeado presidente, accidentalmente, o 24 de decembro de 1936; con carácter interino, o 16 de febreiro de 1940, e elixido, con carácter definitivo, o 13 de decembro de 1942. O señor Casás sucedeu na presidencia da Academia a don Manuel Lugrís Freire, que dimite, por razóns de saúde, en 1935. (V. Villar Ponte, Ramón, *Días, hechos y hombres de la R.A.G.*, La Coruña, 1953, p. 29).

3. Sánchez Casado, Isabel, *Castelao. 24 años en la Administración Pública (1915-1939)*, Barcelona, Anthropos, 1984, p. 355.

4. Madrid, Espasa Calpe, 1999.

5. Op. cit., p. 467.

> Quedó enterada la Academia de un oficio de la Dirección General de Bellas Artes, de fecha 10 de mayo último, en el que se comunica de Orden del señor Ministro de Educación Nacional, que se consideren como dados de baja como miembros de esta Corporación a los señores...[6]

Non sabemos se a nosa Academia recibiu presións para borrar da súa nómina de numerarios a Castelao e ninguén ten citado oficio gubernamental de ningún tipo, eses oficios que, como vimos de ver, desaparecen dos arquivos mellor custodiados. Recibira ou non indicacións a Academia Galega, institución, por outra parte, de menos entidade e forza cá Española, o certo é que a vacante de don Alfonso Daniel Rodríguez Castelao non se declara antes do 7 de xaneiro de 1950, data da súa morte.

O que está ben claro é que, "motu proprio", don Manuel Casás non procede, en ningún momento contra Castelao. Se, como sospeitamos, houbo presións políticas, o señor Casás posuía, na súa vida e nas súas ideas, as características axeitadas para, ó desoílas, non poñer en perigo a existencia da institución. As novas autoridades sabían ben quén era don Manuel Casás, o señor Casás que non reparou en propoñer a Francisco Franco como "Presidente de Honor de la Real Academia Gallega" no ano 1942[7].

2. A NECROLÓXICA OFICIAL DE CASTELAO ASINADA POR R.O.P. (*SIC*) EN 1950

Titúlase "Castelao" e foi publicada nas páxinas 159-160 do tomo XXV do *Boletín* da Academia, que corresponde ó período que vai de xaneiro de 1946 a decembro de 1950. Nese volume publícanse once necrolóxicas máis de académicos numerarios falecidos nos últimos anos. As once, redactadas en castelán, aparecen ilustradas polas correspondentes fotografías, o que non acontece coa de Castelao, a única redactada en galego e a única que foi asinada con iniciais (R.O.P., obviamente Ramón Otero Pedrayo). Trátase, creo dunha cautela, quizais máis propia da Academia que de don Ramón.

Urxe aclarar que na "laudatio" non hai "estridencias", impropias do estilo de don Ramón Otero e que, por outra parte, serían impublicables ou suicidas naquel momento do franquismo. Hai, certamente, emoción, moita emoción en quen escribe con "ollos non sereos por mandado da Academia", en quen —aclara— non podería facer nesa hora "lembranza enteira". A nota necrolóxica finaliza cunha caracterización na que Otero Pedrayo non lle subtrae

6. Op. cit., p. 469, n. 14.

7. No *Boletín*, nº 269-270, 1942, p. 214, reprodúcese o oficio da Casa Civil do Xefe do Estado no que este "acepta complacido o nomeamento".

grandeza ningunha ó académico chorado en tempo tan menesteroso: "Lenzo de afervorada lembranza que pon o nome de Castelao cos de Rosalía, de Pondal, de Curros, de Murguía no cruceiro de inmorrente lume do ceo da Galiza".

Cando don Ramón, nas mesmas datas, escribe sobre Castelao para tribunas máis libres, ofrécenos afirmacións como esta: "Non podía concebir o mal nos curazóns dos homes e, enxergando os efeitos da inxustiza, sofría como un mártir, por todos os que padecían". Ou como estoutra: "... agardamos xuntos o trunfo dos mesmos amigos mozos; xuntos temos chorado ós mesmos amigos, mozos ou vellos". As primeiras palabras foron publicadas, en 1950, nunha revista da colectividade galega de Buenos Aires[8], e as segundas, tamén dese ano, foron emitidas pola BBC de Londres[9].

Cando don Ramón escribe, en 1950, sobre o seu gran amigo e camarada, para publicacións galegas, as cautelas eran maiúsculas. Se no *Boletín* da Academia se omite a fotografía do escritor que suscita a nota necrolóxica, nun artigo publicado nun xornal santiagués, *La Noche*, o 28 de xaneiro de 1950 ("A casiña de Rianxo"), en ningún momento se consigna o nome de Castelao. En realidade, só os hermeneutas na prosa de Otero Pedrayo saben de quén fala cando escribe deste xeito: "... figura lanzal, outa, rexa e tenra, a agardada na casiña onde arestora loce a lámpada eterna de agardar... de Galicia".

Así as cousas, que o *Boletín* da Academia Galega solicite ou acolla, en 1950, a necrolóxica de Castelao, proba que don Manuel Casás era, como presidente, un home non exento de valores cívicos, aínda nesta ocasión no que o texto de Otero Pedrayo foi publicado sen fotografía e sen o nome completo do autor.

3. A SUCESIÓN DE CASTELAO: ANTONIO FRAGUAS (1951, 1956)

Un ano despois da morte de Castelao, o 12 de febreiro de 1951, a Academia Galega elixe a don Antonio Fraguas para ocupa-lo escano deixado polo insigne exiliado republicano. O novo académico electo foi proposto por don Salustiano Portela Pazos, don Ramón Otero Pedrayo e don Luís Iglesias.

A quen coñeza aquel tempo de miseria é lícito preguntar: ¿Por qué o novo académico tardou máis de cinco anos en ingresar "de facto", na institución? Sen dúbida, en 1956, era menos arriscado, para o académico e para a Academia, face-la "laudatio" de Castelao nos termos en que Antonio Fraguas a fixo. Repare o lector nesta dúas secuencias da alocución académica:

8. "Agardando polo seu recordo", *A Nosa Terra*, nº 474, Día de Galiza, 1950, p. 16.
9. *Galicia desde Londres* (ed. de A. R. de Toro Santos), Oleiros, Editorial Tambre, 1994, p. 206.

I. "Máis tarde dibuxou: *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*".
II. "... *Sempre en Galiza*, a millor, máis noble e máis sinceira interpretación da terra".

Hoxe, estas secuencias parecen inocentes. Non o eran daquela se o lector sabe que, a comezos de 1950, co gallo da morte de Castelao a Dirección General de Prensa do Goberno de Franco fai chegar ós medios de comunicación esta consigna[10].

> Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao, se advierte lo siguiente:
>
> La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna. Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político. Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista.
>
> Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de Dios el perdón de sus pecados.
>
> De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro *Sempre en Galiza* ni de los álbunes de dibujos de la guerra civil.
>
> Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente.

Pois ben, Antonio Fraguas non só menciona os álbums bélicos senón que fai unha valoración moi positiva, non exenta de matices políticos, de *Sempre en Galiza*. De facelo en 1951, quentes aínda as cinzas de Castelao, o risco sería maior. Por se fose pouco, a "laudatio" de Fraguas, suscitou, en Otero Pedrayo, dúas páxinas conmovidas.

4. CASTELAO NA ACADEMIA NA ERA DE SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO (1960-1977)

Martínez-Risco, membro numerario desde 1953, foi elixido presidente da Real Academia Galega o 9 de outubro de 1960. Don Sebastián, home moi respectado entre os xuristas e cidadán culto de xestos comedidos, non pertencía, como don Manuel Casás, á ideoloxía dos vencedores da Guerra Civil, condición que debeu inquietar, nalgunha medida, ás autoridades políticas cando recibiron a noticia de que os numerarios elixírano, democraticamente, presidente da institución. Con intelixencia e tacto, don Sebastián realizou actividades no seu "reinado" que todos agradeciamos. Xa é significativo que o segundo Día das Letras Galegas, o de 1964, fose dedicado a Castelao, o que, sen dúbida, fixo treme-los muros dos Gobernos civís de Galicia.

10. Reprodúcea Carlos Fernández en *La persecución de Castelao durante el franquismo*, Ediciós do Castro, 1986, p. 37.

Menos desacougante tivo que ser, para os custodios da orde intelectual, a publicación, en 1961 (ós poucos meses de ocupa-la presidencia don Sebastián), da conferencia *Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura*, en todo caso o primeiro texto de Castelao que publicaba a Academia. Tamén deberon tremer algúns muros cando, en 1963, Ánxel Fole leu o seu discurso de ingreso co título *Castelao i a tradición galeguista.*

Cómpre termos en conta que, fóra do ámbito académico, a devoción de Martínez-Risco por Castelao xa se tiña manifestado antes de 1960, nun caso, polo menos, nun texto de especial entidade. Refírome ó tríptico de sonetos *Ti que cruzache o mar (Sentindo na morte de Castelao)*, publicado en 1955 nunha revista portuguesa[11]. No terceiro dos sonetos atópanse no alén Castelao e Rosalía, razón pola cal titula *Encontro* o soneto que publica en 1975, que é unha reelaboración do de 1955. Na versión derradeira, Martínez-Risco estampa no terceto final: "Foi deica il. Acesa de amizade tendeulle a man iluminada e pura, e ofreceulle o seu lar na Eternidade". Este soneto figura como *prólogo* do número 357 do *Boletín*, enteiramente dedicado, no XXV cabodano, á vida e á obra de Castelao. Era 1975, un ano no que as autoridades políticas do franquismo moi poucas represalias podían inflixir a unha publicación destas características. Aínda así, aí está a iniciativa e a ambición de don Sebastián Martínez-Risco. De tódolos xeitos, don Sebastián, cinco anos antes, comprometeuse cunha publicación de máis risco, o volume de homenaxe á revista *Nos*. A cronoloxía precedente ilustra elocuentemente, cremos, sobre o labor de don Sebastián neste eido da acción intelectual académica: a de honrar e estudiar, en anos non doados, a figura de Castelao. Un labor —todo hai que dicilo— no que tivo cómplices e colaboradores.

X. ALONSO MONTERO

11. *4 ventos*, Braga, nº 7, outubro, 1955.

PRIMEIRA PARTE

TRABALLOS ACADÉMICOS

NOTA PRELIMINAR

Acollemos nesta primeira parte do volume só textos inéditos. Trátase de fragmentos nunca publicados de discursos académicos. Quen queira ter noticia precisa dos discursos e traballos académicos sobre Castelao, de 1950 a hoxe, consulte a cronoloxía precedente. O único texto édito que ofrecemos nesta colectánea é a necrolóxica de Castelao asinada por R. O. P. e publicada no ano 1950 no *Boletín* da nosa institución.

Os textos que aquí se ofrecen reproducen, no esencial, as características lingüísticas dos seus autores no tempo en que os escribiron.

R. O. P. (Ramón Otero Pedrayo)
1950

CASTELAO

O pasamento de Castelao produxo na Galiza unha door soio igoal ó da morte de Rosalía... O mesmo sentimento de desamparo, isa soedade anguriosa e calcada co remordimento de non terse cecais rendido ós outos espritos o amor e respeito debidos. O 15 do Sant-Iago do 1885, o 7 do xaneiro do 1950 son datas irmáns e nelas o pranto das horas dixo pra sempre a mesma lembranza. Rosalía morre no Padrón, Castelao en Bos Aires. Pró mar foron as derradeiras olladas de Rosalía. Pró mar o amor de Castelao. Seus ollos case cegos prá lus do mundo alumeábanse máis a cada intre de saudade ca lus da eterna promesa que non pode mintir.

Os dous morreron na Galiza. Na xuntada por o Atlántico. A cova de Castelao coroa a galeguidade de Bos Aires. Maus e amor de galegos agarimaron a Castelao, terra galega do eido labrego, terra nai de seara, foi agasallo prás mans nobles e finas, as soio merecentes de manexar o lápiz herdado de Goya. En terra galega repousa seu corpo namentras, por riba do mar como o de Curros, non veña a dormir perto do de Rosalía baixo a sombra das abóvedas do Santo Domingo de Bonaval, inspirado coto, compostelán.

Non chamado, nace de seu o recordo de Rosalía ó soio pensamento de Castelao. Son palabras moi graves as que escribimos pró Boletín[1] da Academia que ten por petrucios a Pondal e Murguía. Canto máis se pensa nos *Cantares* e nas *Cousas*, nas *Follas novas* e nos *Cruceiros* máis se descobre a irmandade dos dous artistas. Houber sido doado e fácile demais escribir como Rosalía choraba, e Castelao, pra non chorar, ría diante a mesma inxustiza... Os dous manexaron a arte e o pensamento ca lixeireza dos xenios realizando como en xogo cousas rexas e belidas por riba da crítica e da erudi-

1. Cremos que o *Boletín* non sempre interpretou ben o manuscrito de don Ramón (erudisón, intuisón...).

són. Chegaron ó fondo latexo da ialma galega. Ca graza do abril inzando de froles de ouro os montes diron ó mundo a verdade superior da arte onde e imposibre separala da intuisón...

Con ollos non seréos escribo por mandado da Academia ista nota. Sei que un tídoo me fai dino de lembrar eiquí a Castelao. As derradeiras liñas dunha carta escritas por súa man eran dirixidas a min. O día 5 do setembre do 1947, nunha rúa calquer de Bos Aires, Castelao, chorando, diume unha aperta. Non estaba entón doente. Pro algo nos dixo ós dous ser aquila a nosa derradeira aperta. Co ela trouxen ós amigos e ós paisaxes o saúdo de Castelao. Dende entón diante unha door e a beleza —ás veces, moitas veces, van xuntos entre nós door e a beleza— da nosa terra penso: "Daniel non pode enxergalo". Cos ollos da terra, non. Pro sabemos da eternidade pormetida do esprito e co ista certidume Daniel alenta e vive no noso fogar.

Hei escribir en nome da Academia. Mais non podería facer arestora estudo crítico, nin lembranza enteira. Figuraríaseme profanación na entrada viva da ialma. Connosco alenta, connosco sofre e ri. A verba brilante, a graza do conto, o amor infindo, non puderan naufragar no morrer.

Noso saúdo a Virxinia, santa e doce esposa de Daniel, ás irmans que en Rianxo sofren e viven a cotío na chamada do seu nome, a todos os que —como Rodolfo Prada, como Manuel Puente, como os direitivos do Ourensán, e do Centro Galego— fieis compañeiros de Castelao nos meses e horas doorosas recolleron os adeuses do seu esprito, vai nistas palabras o sentimento e lembranza da Academia Galega. Nosa istitución gardarao sempre con ademiración e respeito e con ise sí.

Lenzo de afervoada lembranza que pon o nome de Castelao cos de Rosalía, de Pondal, de Curros, de Murguía no cruceiro de inmorrente lume do ceo da Galiza.

R. O. P.

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS
E RAMÓN OTERO PEDRAYO
(8-V-1956)

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

["LAUDATIO" DE CASTELAO]

Señores académicos:

Quero, en primeiro lugar, agradecer profundamente o inmerecido honor que se me fixo nomeándome pra vir ocupar un posto que non merezo. Fago esta sinceira afirmación con profundo dolor pois ben quixera traer eiquí, neste intre solemne, de viva emoción, unha obra cumplida, guía segura de activas manifestacións culturales. Non teño no meu haber máis que boa voluntá, e, falto de outros méritos, pídolles que perdonen a quenes me nomearon e teñan pra min unha indulxencia total.

Confeso que sinto neste momento un medo tremendo, estremecente medo que xurdeu no seu día e que vai aumentando a medida que, sin querer, hai que facer unha comparación. Veño a ocupar un lugar que quedou valeiro o día sete de xaneiro de mil novecentos cincuenta cando, alá lonxe, en Bos Aires, morreu Alfonso Rodríguez Castelao, o amigo Daniel, o médico que, por non poder barrer a morte do leito dos enfermos non quixo exercer a meiciña. Quizais fora millor deixar vacante o seu posto deica que outro artista como el ou Rosalía, as dúas representacións de Galicia máis sinceiras e acabadas, viñera ocupar esta cadeira. Non debera ser eu o destinado, que son home de poucas letras e a quen o arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela. Veño pró sitio dun home cuio nome leva unha proiección universal de sinceira grandeza e popularidade. Pasará o tempo, moito tempo, e na casiña máis apartada non se esquecerán as *Cousas da vida* por Castelao, e prós artistas e pra tódolos espritos de fina sensibilidade Castelao será sempre a luz acesa nos infín dos hourizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humáns. Cerne de vellas carballeiras, arume de flores nas leiras do val e da montaña, canto de paxariños, estrondo das olas na costa e latexar das escumas brancas da praia, vento que

canta nos piñeiros: toda a esencia de Galicia, eso é Castelao. Outo esprito de maxistral artista sin límite de bondade, escribe ou fala, pinta ou dibuxa, conversa ou pensa, sempre esgrevio esprito en requintada esencia vivindo e revivindo a vida da nosa terra.

Xenio superior, outo e lanzal, guiado coa máis pura sinxeleza, sinteu os pesares cedo e sinteunos sempre. Toda a súa vida levou na i-alma a dolor de ferintes espiñas. Pra apagar a súa tristeza cubreuna a cotío coas mellores campas da realidade ou da fantasía e revisteu a obra coas galas do humorismo confirmándose unha vez máis a sentencia de Mark Twain: "Debaixo do humorismo hai sempre unha grande door". Foi Castelao humorista por excelencia, humorista que fai rir ou fai sorrir, pro sempre fai pensar.

Naceu en Rianxo o día 30 de xaneiro de 1886. De neno emigrou á Arxentina, volveu pra Galicia e fíxose médico, e, máis tarde, ingresou no Corpo de Estadística. Foi nomeado Académico Numerario no ano 1926; o mesmo ano que publica o primeiro libro de *Cousas*. Tiña xa realizada unha obra brilante que vai dende os dibuxos de *Vida Gallega* e do xornal *El Barbero Municipal* de Rianxo onde se afeitaba ós caciques con xeitosa pluma e aguzado lápiz, deica os intresantes artigos: *Do meu diario*, froito das ouservacións recollidas no seu viaxe por Francia, Países Baixos e Alemania, onde se xuzga con verdadeira pasión de artista escolas e individuos nun dos momentos máis interesantes nos camiños do arte. Publicáronse no boletín *Nós* do que el era direitor artístico. Non podemos facer agora ensaio bibliográfico e reconto de obras, preferimos expresar a emoción de nomes que son amigos que levamos no peito. Lembremos: *Un ollo de vidro* ou *Memorias d'un esquelete*, fino humorismo de censura prós xuzgadores sin senso do seu xuicio, como a vaca que non distinguía no autor máis que un home con gafas; a historia de *Os dous de sempre*, simpática vida de Pedro e Rañolas, novela adicada ós mozos galegos, feita pra derramar o tempo que lle sobraba; *As cruces de pedra na Bretaña*, garimoso conxunto dos monumentos semellantes ós nosos; *Cincuenta homes por dez reás*, feixe de figuras que nos divirten coa prestancia da sua fanfarria; *Retrincos*, un ledo estremecer da sua mocedade; *As cruces de pedra na Galicia*, o seu testamento, chamoulle don Xesús Carro, o libro que fixo con tanto agarimo acariñando un a un os cruceiros de tódolos camiños, onde se xuntan paseniñamente a Visión e a Santa Compaña e fan saudosa parada as procesións e os enterros. Con cariño especial fixo *Pimpinela* e *Os vellos non deben namorarse*, paso seguro dun novo teatro que a morte deixou sin rematar. Prosas por nós moi estimadas son *Verbas de chumbo* serie de artigos feitos en Extremadura e publicados en *A Nosa Terra*, a súa revista predilecta, e *Sempre en Galicia*, a millor, mais noble e mais sinceira interpretación da terra.

Os dibuxos de Castelao ilustraron periódicos e revistas. Do seu lápiz saíron agudas caricaturas a cuio tema adicou conferencias e traballos; a teoría

das líneas aplicadas ós caracteres dos homes era sorprendente. O álbum *Nós* mereceu que nos xuicios críticos dixeran del que non se había feito nada igual dende Goya. Mais tarde dibuxou: *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*. Dos camiños do mundo, dende Nueva York a Bós Aires, quedou unha obra brilante na que resalta a afertunada interpretación dos negros. Motivo mui ben cuidado no seu arte foron os cegos ós que tratou de xeito tan garimos i-espritual que non estrana cando algunha vez lle chamou: *Meus compañeiros*.

Da súa pintura, grabada por tódolos críticos, quedan lenzos sorprendentes; son boa mostra os cuadros que se conservan na casa de súas irmáns, os do Museo de Mondariz, un do Museo de Arte Moderno, varios en casas particulares e outros no Museo de Pontevedra a cuio Patronato pertenceu. En toda esta obra vive ledamente, con valor sentimental, ese arte maravilloso das formas da vida e das pasións. Gañou na máis lixeira conceución artística o releve e o color precisando con valor incomparable, nunha recreación saudosa, as diferencias de matiz nas sombras dos piñeiros e dos carballos, dos vidoeiros e dos soutos de castiñeiros, como soupo diferenciar con trazo maxistral a carroña dos homes e a sinxeleza dos rapaces: o encanto dos nenos inda que foran rillotes.

Prendado da luz, das sombras e das almas, namorado das formas de vida e do paisaxe, vida filial da terra, cautivárono sempre as melodías escoitadas nos peiraos, na taberna da ribeira, nos traballos das leiras e nas troulas dos camiños, e pra que se coidase o canto, o bo canto, e non se cubra de tristura a terra foi dos fundadores da Polifónica de Pontevedra prá que fixo os decorados teatrales. Outras obras de teatro tiveron por fondo a realización escenográfica de Castelao.

Castelao, a vida que viveu sempre pra Galicia, leva enraizados nomes de singular valor: Rianxo, a casiña de seus pais, aquela iglesia, o adro, a ría e os mariñeiros, Peito de Lobo e Sabela, a bailadora das festas; Santiago, prodixio de pedras, misteriosa luz nas torres e nas rúas, procesións e troula estudiantil; Pontevedra, repouso espritual, profunda creación artística; logo, outros nomes, moitos nomes, os de tódolos casales, aldeas e vilas de Galicia, luceiros relucentes de fertuna, feitizos de groria namorados. Camiños do mar, lonxanas cumes bravías onde moi a neve espranza e desesperos; tamén os eidos d'Europa, despois outra volta o mar, ir e vir nun solo pensamento: a Terra, repousada verba, anceio firme de bo mariñeiro.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

[RESPOSTA Ó DISCURSO DE ANTONIO FRAGUAS]

Dispensádeme si falo cecais moito ou demais de min. Iste aito solene e inzado e tecido de simpatia vaise trocando pra min en festa saudosa de amizade. Pra que fora grande e fonda miña emozón, comprindo o mandato de recibir a Antonio Fraguas, soio fallaba a presenza de Castelao.

Fai un intre foi lembrado por Fraguas con senlleiras palabra de grave resoanza nos curazós e na lembranza. Elas han de vivire longamente como unha das máis fondas e perfeitas gabanzas que se teñan feito en lembranza do soio xenio con que Deus ten ergueito a xente e terra galega dende a morte de Pondal.

Non poden ser ociosas algunhas poucas verbas miñas adicadas a Castelao. Dous cernes namorados do ser inmorredoiro da Galiza sucédense na mesma cadeira de ista Academia nada baixo o tripre e xenial signo de Pondal, Curros e Murguía.

A derradeira carta, xa non rematada, esquirta por Castelao, noso Daniel, foi dirixida a min. Na metade da folla en branco enxergo a lus de sol na néboa arousán de seus grandes e caridosos ollos cegos e o maino e canso movemento da man afeita ó lapis que pra el deixou a man de Goya, a man de Daniel amiga e xenerosa, fraterna pra toda a door humán.

Os ollos e a man de Daniel pescudaron e refrexaron pra a inmortalidade feituras por il surprendidas das millores composiciós, as máis saudosas, da paisaxe galega... Castelao foi o xeógrafo da simpatía das formas eispresivas. Ca intuición e amor do artista, do agradecido fillo, Castelao atinou xenialmente nas síntesis da terra e a laboura humán. Os escearios de rías tremelocentes e piñeiros sonorosos ó estilo pondalián, as encostas brosladas e frolecidas nas eirexas románicas, non adrals onde o tempo histórico deixa o paso á sombra do eterno, nos pasos madurecidos nos outonos barrocos, dibuxados

por Castelao gardan a verdade xeográfica envolveita en poesía, en door e espranza humán... Hai un cadriño de Castelao no Museu de Pontevedra, *Devalar*, que pecha, millor do que as páxinas de un grande mestre da Xeografía isa vivenza do tempo mariño, cósmica mensura, latexante na ialma das xentes e das culturas agasalladas por o *vento mareiro*.

SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO
(5-X-1963)

SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO

[RESPOSTA Ó DISCURSO DE ÁNXEL FOLE]

Antre o mundo galego i o mundo anímico de Ánxel Fole non hai superposición de planos: o escritor non está enriba senón intimado na terra, non vive e pensa afora dela senón que anda mergullado nela. Por eso, sen dúbida, elexiu coma tema do seu discurso de ingreso nista Academia —que procura e coida sere institución representativa do esprito de Galiza—, *Castelao e a tradición galeguista*.

Peza de fonda siñificación cordial e de preciso valor histórico pra contemplar dende un anco de esencial intrés o desenrolo cultural do noso país, non vou a demorarme no seu merescido louvor, nin en marcar acertos de contido e belezas de forma que sobexamente tedes captado no intre mesmo en que ouvíchedes a súa lectura. Mais non quero deixar de sobrancear algunhos dos puntos diste primeiro traballo académico de Fole, que coido deben sere postos en relevo.

Xusto e afervoado é o louvor que no comén fai do seu antecesor no sillón corporativo, don Manuel Casás Fernández, devanceiro meu no posto presidencial e de quen veño a ser agora a maneira de albacea, pois estou a faguer entrega a Fole de seu herdo académico. Da vida e traballos de don Manuel Casás Fernández recolle seu sucesor os méritos cardinaes: a preferencia que amosou nas súas numerosas pubricaciós polos temas rexionaes, e a firmedume e tino da súa man pra gobernar e levar a bon porto, bolinando e sorteando baixíos, ista nao académica; méritos que veñen a conxugarse nun soio, que Fole remata por sinalar: o de haberse posto coas súas obras ó par dos que loitan e agardan por unha Galiza real e ideal. Ten de sernos a todos nós grato e conmovedor que a figura de don Manuel Casás asome niste lecer súa traza esgrevia, rexa e cordial.

O cadro temático ofrécenos un fondo tinguido das rosadas cores da fe nuha Galiza ensoñada; fe mantida de amor e de espranza. O exercicio dise

amor fixo nascer na ialma de Fole un rexo sentimento de galeguidade. Mais a galeguidade non é outra cousa que iso: un inxel sentimento de devoción agarimosa á terra galega, xeralmente individual e pasivo; namentras que Fole, partindo dise mero sentimento, arrequentado e fondo, afrora a isa actitude positiva, de pensamento colectivo e actuante nos eidos culturaes de Galiza, que é o galeguismo. Dise xeito veu a profesar Ánxel Fole no galeguismo, de cuia tradición nos fala no seu discurso, e que vén a ser como a dinámica da galeguidade ou, si se quer, a galeguidade en acción, ó que o noso novo compañeiro atribúielle no seu traballo a virtude de ter, non somentes revitalizado a nosa literatura, mais tamén "amprificado notabremente a concencia de Galicia" ó abranguer terreos culturaes de intrés científico e adquirir proieución europea.

E velehí por qué, dende a súa historia persoal, Fole pasa a falarnos da historia dise pensamento colectivo rexional, do latexar de inquedanzas e de anceios do fato de mozos e de escritores —Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Cabanillas, Banet Fontenla, Peña Novo, os Villar Ponte— que nos anos vinte, xunguidos por ises mesmos sentimentos espresados con senso programático na palabra *nós,* recollendo a tradición cristaizada na gran laboura dos nosos precursores, arelaba emproar as naos dos seus corazóns deica as descobertas do porvir cultural de Galiza, levando coma bastimento o respeto e o culto ós valores da nosa paisaxe, da nosa língoa, dos nosos costumes e do noso arte, de noso ser tradicional, en suma; pois o galeguismo, asegún nos di Fole, "era unha tradición con futuridade".

Composto o fondo do cadro, detense seu autor en pintar o personaxe central: "a enfesta figura de Castelao", coma il di. Insértao na tradición galeguista coma un dos seus adalides, e decrara o infruxo que exerceu na súa propia obra: "Decateime entón" —confésanos Fole, aludindo á primeira vez que o sentira falar— "de que a miña comprensión de Galicia sería sempre moi achegada ás súas *Cousas*. Nunca esquecín a impresión dos meus primeiros contaitos ca súa rexa persoalidade". E máis adiante engade: "E xa non puiden adepartar da miña imaxe de Castelao o dibuxante do escritor, nin o escritor do orador ou parlicador".

Isa estreita compenetración co xenio do pensador de Rianxo esprica a visión certeira que, ó tratar dil no seu discurso, amostra Fole ter da intimidade espritoal e da acción galeguista de Castelao, a fidelidade con que nos fala da súa *ética* e da súa *estética,* sempre misturadas na súa obra; porque si o humorismo de Castelao manifféstase, asegún atinadamente sostén Fole, coma unha "gracia do corazón", coma unha efusión de bondade, foi tamén un arma de defensa e de soerguemento do pobo galego, "o gran destinatario da obra de Castelao", coma ouserva xustamente Fole; e si amou tenramente a Galicia coma profeso na galeguidade, entregouse asemade ardidamente a revelar

nunha obra "monumental e documental" a súa verdade, a "dar evidencia do pobo galego", a acusar a súa presencia e recramar os seus dereitos, coma oficiante do galeguismo. I é que, asegún temos dito modestamente, a obra de Castelao defróntanos con unha estética *trascendente.* O propio Fole ten ouservado noutro lugar (*Relembro*, en revista *A Nosa Terra*, num. 474) que un mesmo esprito da máis nidia galeguidade abranguía toda a súa obra: contos, dibuxos, discursos e *cousas*... . Por eso é acertado e xusto que Fole decidise avencellar ó tema da súa primeira leición académica o nome de quen fixo da súa vida exemplo e leición.

E resta por decir que, non contento con facer *historia do pasado,* Ánxel Fole ofrécenos no seu traballo a ponderación e medida actual do galeguismo cultural, en termos de xustificado outimismo, e xusga do seu labor futuro abrindo o ánimo á máis certa espranza.

Encerra, dito sexa por cabo, o discurso do novo académico unha multipricidade de valores: o valor dunha confesión da intimidade da súa formación galeguista; o intrés dun acta de constancia dun dos fenómenos máis trascendentaes do movimento cultural de Galiza, e a sinificación dun nobre acto de lealdade cara a quen espertou e alentou a súa vocación de escritor namorado da terra. E todo il, liña a liña, ofrécesenos tinguido das dúas cores domiñantes no cadro ricaz do esprito de Ánxel Fole: os talentos da súa intelixencia e a nobreza do seu corazón.

Constituie, pois, o traballo cuia lectura rematamos de ouvir, peza de notabre contribución á historia interna i esterna do galeguismo. A voz do noso novo compañeiro resoa, no intre mesmo en que pon o pé na soleira do noso pazo corporativo, con emoción e con oportunidade: coa emoción do profeso na fe dos destiños da nosa terra, e coa oportunidade de encetar seu labor académico cumprindo o capital deber institucional de contribuír ó coñecimento de Galicia, ofrecéndonos no seu intresante estudo unha faceta esencial da historia da súa cultura.

RAMÓN PIÑEIRO
(3-XI-1973)

RAMÓN PIÑEIRO

[RESPOSTA Ó DISCURSO DE MARINO DÓNEGA]

Dentro das virtudes do Marino Dónega como escritor, non podemos deixar de sinalar o seu excelente dominio idiomático. Conoce a nosa lingua de maneira que poderiamos chamar *entrañable*, pois ademais da ricaz abundancia léxica que tan sabiamente manexa, manexa con igual sabiduría os xeitos e xiros mais xenuinos e vivos da nosa expresión oral. Conoce e domina o xenio íntimo da lingua. Pode crear —e crea decote— frases e xiros do máis enxebre cerne popular. Ora, este dominio interno, esta familiaridade cos entrefollos da lingua, en Dónega maniféstase nun nivel de gran dignidade literaria. Acada sempre un feliz equilibrio entre a expresividade viva e revirandeira da lingua popular e máis a requintada elegancia dunha lingua artisticamente traballada.

Bon exemplo destas cualidades literarias das que vimos falando, así como das persoais de que falamos antes, témolo no discurso que acabamos de escoitar. Unha peza na que a claridade expositiva, o rigor conceitual e a dignidade idiomática se armonizan con exemplar xusteza.

Procedendo con metódico orden, antes de afrontar o análisis da novela de Castelao que escolleu como tema, fai unha breve e precisa síntesis da evolución da crítica literaria para sinalar o proceso interno da súa actual situación de crisis. Moi asisadamente, evita toda dramatización sobre a crisis mesma, xa que tal situación, según as súas propias palabras, "non é novedade algunha, porque, dende que o mundo é mundo, ven sufrindo mutacións arreo". Afirmación ben certa, sin dúbida, porque a esencia do acontecer histórico é o cambio, a mutación. As tensións internas de toda sociedade humá entre as tendencias innovadoras e tradicionais son producidas por ese dinamismo cambiante. Non lle falta razón a Dónega, xa que logo, ao afirmar que o feito da crisis non é ningunha novedade. E si tratamos de avanzar un pouco nesa

mesma liña, tal vez poderemos albiscar cal é a peculiaridade da *nosa* crisis, pois, si o feito da crisis, como tal, non é novo, cada crisis ten, en cambio, a súa propia peculiaridade. A da nosa quizáis consista na aceleración do ritmo mutatorio, do ritmo dos cambios. Nos tempos pasados, as épocas de mutación, de cambio, alternábanse con épocas de estabilidade. Nos nosos dias, pola contra, desaparecéu esta alternancia. As mutacións, os cambios, sucédense sin interrupción e, ás veces, pola enérxica aceleración do seu ritmo, superpóñense mesmo uns a outros. A experiencia histórica que nós vivimos eliminóu a imaxe da alternancia mutación/estabilidade como horizontes de referencia, pois transformamos esa alternancia en pura sucesión e superposición do cambio. Deste xeito, a crisis, de ser unha situación alternante pasa a ser unha situación permanente. Situación que se reflexa, como é inevitable, na nosa actividade cultural, tanto na de creación como, correlativamente, na de crítica interpretativa e valorativa. Que talmente ven ser o panorama da crítica literaria actual que Dónega nos sinalaba.

Outro punto interesante que apunta nesta parte do seu discurso é o da caducidade e da perdurabilidade da obra artística ou, mais concretamente aínda, da obra literaria. Hai obras que perecen coa súa época e obras que permanecen, que perduran ao traveso dos tempos. Tratando de lle dar explicación a este feito, Dónega asocia a caducidade á presencia da dimensión existencial mais continxente, variable e transitoria, e asocia a perdurabilidade á presencia da dimensión existencial mais profunda, radical e permanente. En definitiva —vénnos decir—, a caducidade ou perdurabilidade da obra literaria depende do grado de autenticidade ou inautenticidade dos valores que realiza. Mas quizais é ben aclarar que, cando o Dónega fala de "forzas disolvente da historia" e de "condición humán básica transhistórica", está referíndose a estes dous niveis existenciais e non a unha suposta contraposición *caducidade-historia / perdurabilidade-transhistoria,* contraposición imposible porque ámbolos dous feitos se dan na historia.

Máis adiante, ao tratar da estrutura e xénero de *Os dous de sempre*, Dónega vai considerando as opinións dos críticos e detense especialmente na de Carballo Calero cando di que se trata dunha "gran novela picaresca e satírica". Neste punto, Dónega suxire unha interpretación orixinal, non formulada anteriormente a non ser por el mesmo, na que se interpretan os personaxes Pedriño e Rañolas nunha función simbólica e non meramente individual. Si ollamos neles os símbolos da *resignación* paralizante da comunidade galega e das *ensoñacións suicidas* desa mesma comunidade, a novela acada unha nova perspectiva e apareceranos como unha manifestación épica do esforzo de Castelao por combatir esa *resignación* e esa *ensoñación* que ensumen ao seu pobo na pasividade. Interpretación problemática, claro, como todas, mas ten ao seu favor o feito certo de que a obra artística de Castelao responde de-

claradamente a esta intención consciente. Evidentemente, Castelao non é de seu un novelista, non vive os problemas da novelística como tal. Mesmo por eso, ao escribir unha novela —unha única novela—, pode acadar con ela a satisfacción do escritor que pon a proba o seu talento literario, mas é difícil que Castelao se limite exclusivamente a esto. Nel é demasiado radical a preocupación *misioneira* para que non se sinta moitas veces tentado a reflexala na súa obra de creación. Non sabemos con certeza si ocurriu no plano da intencionalidade consciente, pois no das covachas escuras do inconsciente sería difícil que non ocurrira. En todo caso, a interpretación do Dónega ten valor de seu, non só por plantexar o problema senón porque a interpretación mesma preséntanos a obra con plena coherencia significativa.

Tratando da estructura da novela, Dónega fálanos da súa ordenación xeométrica e do paralelismo simétrico da acción dos personaxes, así como da patente influencia dos criterios plásticos na composición de todos estes elementos. E resume así o seu xuicio: "Mesmo dixéramos que o escritor tivera de diante de si un mangado de folios pra dibuxar en cada un deles un capiduo da súa novela".

Coido que non se pode expresar con mais claridade e con maior xusteza o *modus operandi* do Castelao escritor. Eu lembro moi ben unha visita que fixo Castelao a Lugo no ano 33 para dar unha conferencia sobre a caricatura. Despois da conferencia, pola noite, xuntámonos con el no café. Leunos uns capiduos da novela, que por certo algún deles apareceu moi modificado na versión definitiva, e contounos espontaneamente o seu método de traballo. Según el, fixo previamente o plan completo da obra e logo reduciu cada capiduo planeado a unha ficha, ou sexa, elaborou as cuarenta e catro fichas dos correspondentes capiduos, que levaba sempre consigo si iba de viaxe, de maneira que cando tiña gana de escribir un capiduo collía a correspondente ficha e púñase a escribilo. Podía ser calquera, porque as fichas dábanlle autonomía a cada un deles. Como vedes, a realización literaria —o escribir— era a derradeira fase dun proceso elaborativo moi metódico, no que previamente se resolvía con toda precisión a economía estrutural da obra. A pescuda analítica do Dónega foi polo camiño certo.

SEGUNDA PARTE

COROA LITERARIA

DEZASEIS POEMAS PARA CASTELAO E UN RELATO POÉTICO EN PROSA

LIMIAR

Ofrecemos neste capítulo un mollo de textos poéticos da autoría de escritores que pertenceron ou pertencen á Real Academia Galega. Son páxinas de plumas moi distintas e de épocas tamén moi distintas (de 1917 a 1988). Os dezaseis poemas son obra de dez académicos numerarios, e, en canto ó relato poético en prosa, o seu autor, Emilio Álvarez Blázquez, foi membro correspondente da nosa Institución.

Acollemos na presente *Coroa literaria* este texto en prosa pola súa extraordinaria fermosura e, tamén, pola circunstancia de que dous dos tres protagonistas da historia son persoas vencelladas á Academia: un, o autor, foi membro correspondente, e o outro, numerario, desempeña, desde hai algún tempo, altas responsabilidades na Institución.

Nun volume onde se fala da presencia de Castelao na Real Academia Galega, non é desaxeitado incluír un capítulo no que se acollan páxinas literarias que expresan cál é a presencia de Castelao no pensar e no sentir dos académicos, aparezan estas páxinas dentro das actividades da Academia ou fóra delas.

ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
(1917)

PINTORES D'ALMAS

Alma baril da terra,
encarnación lexítima da raza,
no fondo das súas obras
revólvense infertunios e risadas:
infertunios acedos
das nosas horas tráxicas;
risadas de xenreiras
e de rabias,
que levan dentro os cáustecos delores,
das feridas i as mágoas.
El sinte como propias
tódalas coleutivas labazadas,
i o seu lápiz é xostra,
i o seu pincel é tralla,
e contr'os duros couces que os labregos
reciben dos que mandan
ferve en indignación, arde en carraxe,
pensa nas nosas ansias
e pinta as nosas coitas,
que soilo queren tirrias e bisarmas,
pondo de cote nelas
o santo amor á patrea,
que por algo
hai nel a enxebre encarnación da raza.

Os seus ceguiños choran;
os seus ceguiños andan:
choran sin teren ollos
pra desfacerse en bágoas;
andan ¡probiños!
como andan as imaxes da disgracia.
Recorren as aldeas
levando a súa tristura por compaña
pra recoller esmolas;
e van á apalpadas
en busca das romaxes
pra rañar nas zanfonas as súas mágoas;
e nunha noite eterna
pasean as súas lástemas,
cos seus ollos sin vida,
por onde a luz en son de mofa esbara;
e ó compás dos pandeiros,
coas bocas desdentadas,
cantan os probes
mentras por dentro o corazón lle sangra,
como si fosen xuntos
a máis enxebre encarnación da raza...

Pintando monicreques
baleira neles a intención i a gracia.
E sempre que ó labrego
—Probe Xan destes tempos— asoballan,
pon lume de tormenta
nas súas pinceladas
e tén un agarimo
pró novo Cristo da sofrida raza
que está fai moito tempo
sin door nin compasión crucificada.
As lástemas da terra
tanto son as súas lástemas,
que as súas ironías,
con todo canto teñen de sarcástecas,
son punxentes protestas,
porque él é a enxebre encarnación da raza.

RAMÓN CABANILLAS
(1917)

DENANTES DE QUE EL FALE...

Foi no tempo das lendas de milagre;
naquel tempo lexano
en que a ran tiña o pelo i a toupeira.
Era cando o *Deus fecit*. Deprendían
a voar os paxaros
e aínda as galiñas non puxeran ovos
anque xa se esponxaban vendo os galos.
Noso Señor andaba polo mundo
un pouco atolondrado,
quita eiquí, pon alá, dándolle, a escape,
a derradeira man ó seu traballo.

No corrunchiño meigo dunha ria,
aló contra Rianxo,
tiña unha longa fábrica de micos,
¡O animal con mais xeito maxinado!
Un día ¡foi o demo! pouco lume
ou pauliña de barro,
¡eu non sei qué pasou que, ó abrilo forno,
saieu un mono, pro, ¡saieu sin rabo!
¡Era un home! Ó Señor doulle, no intre,
a ideia de escachalo,
mais ó velo tan torto e tan mal feito
deixouno ir, rosmando un ¡malpocado!
De onde, anque a Historia mintireira conte
doutra maneira o caso,

o primeiro Home veu a ser un mico
que non se conta. ¡Un peso sevillano!

Non quedou ehí a cousa. Pasou tempo,
—seis ou sete mil anos—,
e naceu un rapaz con anteollos
no currunchiño meigo de Rianxo.
Unha mañán, si habría d'ir pra escola,
botouse costa abaixo
e foi a dar ó forno que cocera
o mono triste que naceu sin rabo.
Compondo moldes, encendendo o lume,
amasando no barro,
puxo a fábrica en pé i un detrás doutro
saien os novos *monos* a destaxo!

Mirade ben; cando nas mans vos caian
os *monos* de que falo;
pasa a vida por eles latexante!
¡teñen da nosa Terra o meigo encanto!
Firan ou biquen; ledos e ridores
ou fondamente tráxicos,
¡todos levan por alma un pensamento!
homes e monos todos levan rabo!

¿Qué xa fervedes de toparvos diante
do mozo de Rianxo?
Pois, xa o tedes eiquí. Volvede a folla.
Idelo a ouir falar. É Castelao.

RAMÓN CABANILLAS
(1920)

VIA-CRUCIS

Para Castelao

Galicia rube ó calvario.
Enrabiada co ceo,
sentouse nunha pedra, á beira do camiño,
cuberta hastra os ollos co pardo mantelo.
É o mantelo probe
dos días de inverno;
dos días de choiva, de vento, de neve,
de fame, de enterro...
É o mantelo das penas e os pagos,
o mantelo probe, o mantelo vello
con que vai a falar co filliño que está na cadea
e darlle, ó chamado a servicio, o adiós derradeiro;
o que leva a pagar o consumo
as oblatas, as rendas, os foros... e o demo do inferno;
e que pon cando saien os barcos
onde se van os galegos,
mar afora, mar afora,
lonxe dos nativos eidos;
o que visteu os días das tromentas
de Nebra e de Sofán. —¡Trunfo do ferro!
¡Trunfo dos porcos bravos!
¡Trunfo dos homes roxos! ¡Trunfo dos homes negros!
para ir, afogada en bágoas,
enrabiada co ceo,
detrás dunhas caixas longas,
camiño do cimiterio.

Galicia rube ó Calvario.
Non leva ás costas a cruz do Nazareno:
leva o seu mantelo probe,
leva o seu mantelo vello.
Galicia está cansa,
soia cos seu pensamentos.
Non chora; secouse a fonte.
Ten as serpes chuchándolle os peitos.
Non prega nin pon xusticia.
É mal da alma, é mal do desespero.

Batede no corazón;
poñédevos de xoenllos
e perguntai con santo amor de fillos,
alá no fondo, alá dentro
onde resoan cristaíñas, craras,
a voz da Raza, a voz do sentimento,
a voz da nosa Terra
máis forte que a oración, que a lei, que o ferro...
decídelle á vosa sangre
¿Son chegados os tempos?

RAMÓN CABANILLAS
(1950)

¡Irmán Daniel!
Na praia de Rianxo
caían como bágoas as estrelas,
espallaban teus aies derradeiros
bruantes ventos das andinas serras,
e ondas galgantes, en cramor, chegadas
da pratense ribeira,
contaban no areeiro que te foras
de seriedade pola plan vereda...
o camiño que nunca se desanda,
o vieiro sin fin...

Na noite pecha
entrei pinal adiante, medoñento,
a alma dun feitizo prisioneira.
Fungaban os ramallos un responso,
en velorio de honra ó teu relembro.
Ergueitas cara ó ceo as ponlas, era
cada pino un cruceiro,
labra xenial da túa man maiestra,
e aquel forte e lanzal, que tempos idos
escoitou a túa prácida conversa
co sabidor e xurdio
profundador de voces milagreiras,
inquireu delorido, en desespero:
¿De qué morte morreu a nosa prenda?

Atravesoume o peito
un dor punxente e esguío de saieta
e díxenlle a verdade, crú, tinguido,
cunha pinga de sangue cada verba:
¡Morreu do mal dos bos e xenerosos!
¡Morreu de amor á Terra!

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO
(1950)

¡EU NON QUERÍA ALÓ QUEDAR, MI MADRE!

Pois, si. Hai que morrer. No mesmo cimo
dos meus corenta, coma moita xente,
digo eu tamén: ¡hai que morrer! E doulle
unha chucha á cazola de Ribeiro.
Nos meus corenta, e triste de lembranzas,
buscando unha caveira coma o outro,
pra decilo monólogo de Hamlet.
Poideran tere entre os centeios louros
xa navegando catro cadaleitos
de nenos de dez anos, cavilando
niños de peto e mapas con estrelas.
Tiveran ido entre os centeios verdes
da primaveira, dende Cinza a Ramos,
dous cadaleitos con dous mozos tristes,
soñando longas cabeleiras louras,
soñando leves beixos velaíñas,
soñando abrazos que no apertan nadia,
coma de sombra ou doces garnicelas.
¡Poideran ire tantos cadaleitos
de picariños, ledos, coma de anxos,
que non fan dó, senón no corazonhe
das mais noviñas! ¡Oh, poideran ire
dez cadaleitos, vinte cadaleitos
desque eu nacín! Poidera vinte veces
corenta veces, eu tamén ser anxo,
ser un neno mortiño, un cadaleito

todo branco de anxo, vinte veces,
corenta veces, a boiar nas agras,
corenta veces, entre un son moi ledo
de campás repicando muiñeiras,
muiñeiras de anxos, que non saben
bailalos mozos nin as fiadoras
¡Muiñeiras de anxos! E xa vedes;
estou aquí, no cume dos corenta.
E boiando na cunca de Ribeiro,
corenta cadaleitos pequeniños,
corenta chuchas que unha mai noviña
me dera sin sabelo. Cunha cunca
de Ribeiro na mau. Corenta bágoas
a correr polas venas, meu Daniele.

Aquí no cume dos corenta aínda
apalpando a caveira coma Hamlet,
a caveira que foi risas de neno,
soño de namorado polas rúas,
entre lembranzas doces coma sono.

Ai, meu Daniel, sin unha herbiña verde,
na tua cova lonxana en Chacarita.
Sin un *ollo de vidro*, sin a chuva
que fai xergós de seda, aquí en Rianxo,
pra as coviñas dos nenos e pra os leitos
de terral mol que os mariñeiros soñan,
cansos de mare e o seu balbordo ledo.
¡Ai, Deus, Daniel! ¿Non lembras a Rañolas?
"¡Eu non quería aló quedar, mi madre!"
Deus, meu Rañolas, meu Daniel velliño,
meu vello amigo, aquí me tes no cume
dos meus corenta, entre lembranzas doces,
coma un poeta en busca da caveira
pra decilo monólogo de Hamlet.
Aquí me tes á beira da túa mare
cunha cunca na mau...
—¡Outra, Daniele,
outra cunca namáis...!
—¡Non! ¡Do Ribeiro!

EDUARDO BLANCO-AMOR
(1953)

HIMNO A CASTELAO

Dedicado ao Coro "Castelao" do Centro Galego de Caracas
Letra de E. Blanco-Amor
Música do maestro Pedro Antolí

Por ti cante o sol ledo
i a montana senlleira,
a estrela tecedeira
i o fero e doce mar,
por ti cante o arboredo
i o grau na sementeira,
as cores na roseira
i o páxaro no ar.
Laude a ti, gabanza a ti, Galiza en ti
máis forte e máis fermosa...
O verbo en ti, a espranza en ti,
xuremos: ¡Terra a nosa!
Fidel á túa promesa
no alén do teu roteiro
o canto mañanceiro
da Patria estase a ouvir;
no sulco, viva, acesa,
túa voz, xermolo inteiro,
irmán, ronsel, guieiro,
túa voz: noso porvir.
Laude a ti, gabanza a ti, Galiza en ti
máis forte e máis fermosa...
O verbo en ti, a espranza en ti,
xuremos: ¡Terra a nosa!

VALENTÍN PAZ-ANDRADE
(1955)

CANDO TI VOLVAS...

NA MATRICIAL GALIZA, SEMPRE TÚA,
que dend-a Torre d'Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando ti volvas polo mare;
de toxo unha fogueira en cada monte,
cando ti volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando ti volvas polo mare;
unha loura candea en cada pino,
cando ti volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alcipretes,
cando ti volvas polo mare;
luces de ardora branca en cada mastro,
cando ti volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando ti volvas polo mare;
veliñas á xanela en cada casa,
cando ti volvas polo mare;
e as pérolas das bágoas derramadas,
cando ti volvas polo mare,
cando ti volvas polo mare...

SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO
(1955)

TI QUE CRUZACHE O MAR

(Sentindo na morte de Castelao)

I

Inda neno, feriuno a merguranza
de soñar o seu lar na patria allea.
Xa vida adiante, apóstolo da idea,
volveu sofrer martirio d'emigranza.

Sempre da terra a ialma en veciñanza,
deixando a vila aconchegóuse á aldea,
onde fitou o trasno i a Estadea,
homes Quixote i homes Sancho Panza,

menos cheos de pasmo e chiculate,
mociñas louras, sentenciosos cregos,
caciques zorregando nos labregos...

Foi e viu, sempre a pruma no petate.
I ó fin da vida, esgrevio monifate!,
cegou coma calquera de seus cegos.

II

Si que cruzache o mar com mirar cheo
da Terra Nai, pra non deixar de vela,

cumpriche, ó te durmir, túa fonda arela:
voltar á Terra polo mar do ceo.

A túa chegada do fogar alleo,
ferida da túa morte, notou Ela
nun anguriado latexar da estrela
que alumeou a túa vida arreo.

Pousa entre nós, ánima verdadeira,
esquece teu delor d'outros delores,
maxina, conta, pisa os eidos nosos;

agarda neles, cándida roseira,
chegar o intre en que, tremendo amores,
o patrio chan acollerá os teus ósos.

III

Mau na meixela, a frente cavilosa,
no ouvido a delicada sonería
d'árbores e regatos, Rosalía
no ceu aul soñaba a terra nosa.

Súpeto ergueuse, tenra, xubilosa.
¿Quén chegaba ó seu par? ¿Tolearía?
Non. Aquil xesto de malenconía,
a lus dos fondos ollos preguizosa...

Era o mesmo Adefonso! A creatura
a quen ela, fitando dend'a outura,
por irmán tivo sempre na saudade.

Foi deica el. Acesa d'amizade,
tendeulle a mau iluminada e pura,
e leda entrou con el na eternidade.

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO
(1961)

CASTELAO

I

Pola mar viñeran, nas barcas mouras,
con alas de buxatos por remos.
Pola mar viñeran fachas acesas que subían
polos ósos dos lobos estremorecidos.

Abriran calzadas de laxes roxas, por tributos,
con cadarmos nos pes, xentes de moitas terras.
Devana, devana, nos laes, maus toquinas de servos
non sementaran nos regos loureiros de trunfo.

Devana, devana, nas rozas, a arada do outono
vai e ven no tear da esperanza do cuco.
Devana, devana, por bouzas e touzas, a tribu
vai tras dos corzos das neves de antano.

Acendíanse lóstregos, nas pubelas, tras dos inllares.
E ruxían, doces, os cazcarros de barro, non cunqueiros.
Retembraban, redondos, os tronos nas furnas
e o nordés abalaba dorniñas de coiro car ás insuas.

II

Amor de chorimas e volvoretas erguían, contra a noite,
torres de sal, castelos de nubes no aire.

Erguía torres e colunas de grao
cabo dos ríos calados do tempo poderoso.

Erguía torres de sal e pechaba con chave
sombras escuras de nubes en caixas de mirra.
Nas covas e torres foi, medra que medra,
un silencio de reino perdido.

Señores da terra, e do aire, e do lume, e das augas
foran na hoste de quinas ardidas e cabalos.
Vai inda un balbordo de catropeas
aló por debaixo das herbas mudas.

Dormen na area dos menceres
as velas das armadas do vento irado e poderoso.
Dórmenas velas e a tristén dos patrós
que tomárana volta dos cabos das píllaras.

III

Dormen, escuros, velas e soños, en praias sin nome.
Pero as ondas do tempo acompasan e miden
de vaga a vaga, de noite a noite, un són máis doce
que o das gaitas nas rúas do exilio.

De arriba abaixo, polo mundo adiante,
vai un boureo de xente de ningures.
Un boureo xordo de romaxe sin cabo,
marusía longa de mareas de areas de lúa.

Marusía campal de cernas e seixos e pedras dos lumes,
de mares mortos de sal lixeira coma escuma.
Zuído de pinares de sono dos taros esquencidos,
que enche e deval nos bigariños fósiles.

IV

Sempre un esbarruxir de bágoas sin dono
por debaixo da area morta que cai das maus.

Sempre un balbordo de mares caladas
a resonar nas nácaras luídas.

Sempre este boureo! Desde o grallear neniño
dos latixos dos servos nas cortiñas.
Sempre este boureo! Hasta o moumeo
das oraciós das vellas nos subeiros.

Area estérea, area de lúa, sónas torres de sal e as colunas.
E os braciños de cera das ofrendas.
Area estérea sónas palabras da canción do segrel xunta a torre.

E as do borboriño da fonte dos namoros.

Con todo, sempre este boureo! Este boureo arreo.
—E as barcas paradas na barra!—
Con todo, sempre este balbordo que non fina!
—E a resaca que torna e ouvea!

Non calará, non, este balbordo
nin siquera nos prados de elso.
Non calará, non este boureo arreo,
nin siquera nos ríos parados de carambelo luído.

V

¡Largar! Largar! No é tempo de entullar nebiñas de ouro,
nin de poñer graos de mirra debaixo da lengua.
—E hora de andar, andar e de botar ó aire!
e de estendela cinza das tolas de borrallo.

No é tempo, amigos, de facer casa á beira das veredas,
e de pechalas portas con ferrollos de ferro.
Chegóu a hora de botar a andar e tocalo zoco
e deitar fóra tódalas dornas, ó lusco e fusco.

Sobor das praias cóntase o lume das moxenas
por areas e areas de lúas mortas.
Pero a onda que chega, delas arrinca de novo,
e pasa por riba de días que han vire.

As cacharelas que se tornaron en charamuzas
nas festas das bacantes do Tmolo,
cadora aluman olliños que lumbrigan
máis aló do raiar das calandras.

VI

Non, non amigos! O camiño da oscura romaxe
non ten cabo no altar dos braciños de cera.
Sóbor das ingres, os aixados e os remos
pastores somos de días que han vire.

No os soñan, non, os amadores de chorimas,
desde o seu eido de liño marcego.
Non sentiran, non, o ir e vir do tear de Penélope
os namorados que escoitaran mentiras de amor.

De mau a mau, caladamente
vai a rolda de escuros traballos.
A néciga de ouro da Tecedora, sono tras sono,
vai ó alcance do gran Namorado.

Contra o serán das portas coma mazás coloradas,
quedan sucadas como sabos de berces de nenos.
Nelas se acochan os dias despidos coma cristos,
envoltos nun sono de ouro.

¿Qué importa que ás portas do serán das rosas se quede
pálida a rea dos esteiros do mar de Rianxo?
Á beira do cabo sin sono de Sálvora
oise o balbordo da antiga romaxe.

Oise o balbordo. E tu, todo envolto
de estanfor bermello, no teu barco, ¡tan alto!,
desde as insuas dos bígaros e as areas das lúas velliñas,
adoutrinalos sonos que medran. ¡Daniel!

RAFAEL DIESTE
(1970)

I

¡Ai, romaxe aquela!
Cál digo non sei.
Eu alborescía
camiñando ao par
dun mozo lanzal.
¿Qué quer dicir lonxe?
Eu volo direi;
daquela sabíao
coido que inda o sei.
¡Canta fina xente,
canta xente fina
o cantar i o andar
da romaxe enfían!
¿Qué quer dicir lonxo?
Lonxe, lonxe, a ermida.
En chegando a ela
máis lonxe se vía.
Neno era eu daquela
e mozo lanzal
quen conmigo ía.
Piñeiros, carballos,
bravas penedías,
sen mover do sitio
alá con nós ían.

¡Faladoras augas,
ouro das chorimas,
camiños que indo
voltar parescían!
Ai, non sei quén son,
cativo de min,
o santo non cumio dicía.
¡Eiquí estou pasmado
da vosa ledicia!
Eu tamén de lonxe
vin á romaría.
¡Cánta fina xente,
cánta xente fina
naquela romaxe
da Galiza infinda!

II

Non sei, Deus me vala,
qué anda a tecer
en idas e voltas
a miña lembranza.
Vai, e vai con medo,
con medo e lecer.
¡Serpes hai, enimas
que atrancan o paso
da lembranza miña!
Furentes estouran
alá dentro as portas.
¡Quén volo diría
faladoras augas
que falades, inda,
daquel camiñar
e daquel cantar;
daquela romaxe
da Galiza infinda!
Correron os tempos,
o Tempo fendeuse,
malpareu a terra,
parteuse o camiño.

As chorimas choran
no monte deserto.
Ai, eu xa non sei
qué quer dicir lonxe,
qué quer dicir perto.

III

Mais ti, bon Daniel,
que dos amargores
fixeches tambores,
ti —como nos días
deses meus albores—
estende la man
cara ás lonxanías,
i a elas desperto.
Agora es ti o santo
da ollada estantía
i a man endereitas
cara á dereitura
do sino, do verso,
do Tempo.
¡Cara á nova, antiga,
locinte seitura
da Galiza infinda!
Aló en baixo,
non digo no val,
aló en baixo enimas
de aduncos peteiros,
de ridentes dentes,
de risos que abrouxan
de tan silandeiros.
Aló en baixo enimas
do ren, do ninguén,
¿Quén é ninguén? Quen
—falando en xustiza—
non vai a ningures
por non ter alures,
por non ter Alén.

SEBASTIÁN RISCO
(1975)

ENCONTRO

Man na meixela, face cavilosa,
ecoante no ouvido a melodía
de árbores e regatos, Rosalía
no ceo azul soñaba a Terra nosa.

Ergueuse de contado, xubilosa.
¿Quén chegaba ao Alén? ¿Tolearía?
Aquela recollida lanzalía,
a caletrante ollada, preguizosa...

¡Era o mesmo Daniel! A criatura
a quen ela, fitando dende a outura,
por irmá tivo sempre na saudade.

Foi deica il. Acesa de amizade
tendeulle a man iluminada e pura,
e ofreceulle o seu lar na Eternidade.

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE
(1975)

IRMÁN DANIEL, NON VOLVAS

Irmán Daniel, se agora
volveras a esta Terra
—non volvas, non, eu pídocho—,
non só non verías volta en nada
senón que atoparías
qué pouco queda do que entón deixaches.

O pobo dos debuxos teus eslúese
e as cousas túas son historias vellas;
soio retrincos quedan; e non moitos.
¡Nin sómo-los de sempre!

Ás veces eu pregunto
se existe a patria túa;
ás veces ben entendo
por qué esta Terra segue sen ser nosa.

¡Qué Terra triste a nosa, irmán Daniel,
qué Terra triste, sempre
deitada baixo a chuvia
e en chuvia amolecida!

¡Qué Terra triste a nosa, irmán Daniel,
qué Terra triste, porque
o tempo segue adiante, mentras ela
moi lonxe vai quedando!

¡Qué Terra triste a nosa, irmán Daniel,
qué triste terra a Terra
pola que o tempo pasa
e nada seu nos queda!

A nosa Terra é triste, é unha terra
que nin siquera existe.

Irmán Daniel, non volvas!

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
(1975)

AGARDA

A Castelao
dende a beira do mañán.

Non,
a morte non é verdade.

Escoita

a túa palabra
vai solta
na rompente
permanente
da loita...

Olla

a esperanza
reventa
no aire
como unha mapoula.

Non,
non é verdade.

Repara

na miseria
das airas
a fame é unha lanza.

Non é verdade.

Cala

son cousas da vida
ti e máis nós
Atila
o silencio que fala.

Non.

Vixila

o mañán
ven ca amanecida.

Non,
non é verdade.

Agarda...

todo está á espreita
baixo a tona da calma.

LUZ POZO GARZA
(1975)

AS MAUS DOS CEGOS

as maus dos cegos apalpando nas tebras
as maus dos cegos sinalando o pranto
as maus dos cegos ferindo as concencias
as maus dos cegos esfarrapando o ceo
as maus dos cegos polas corredoiras
as maus dos cegos petando nos recantos
as maus dos cegos chamando no medo
as maus dos cegos pola noite pecha
as maus dos cegos nas maus dos cegos

VALENTÍN PAZ-ANDRADE
(1984)

ODE SIN PRANTO ÁS CINZAS RESGATADAS

I

Arela de resflor,
hoxe remanecida musa nosa
—Daniel desde a nacencia carismado
con óleos de profeta—
esta mañán volvo en achego a tí.
Doblarán bronces sagros no ar viúvo
a brazo nú tanguidos
desde o Minho arterial á foz do Navia.

Sonou ao cabo a data degarada
da restitutio ceneris,
á terra que das chagas convalesce
na restinga das décadas umbricias,
onde ben fora que nos atoparas
desatrelados xa, ceibes e ledos
para o complexo de Cain avesos,
remerecentes circios
das liberdades porque ti loitabas.

Daniel desde a nacencia carismado
pra que teu pasamento se trocara
en revoada dos espiritos.

II

En boas medras eu quixera agora
—Daniel á luz pairal restituido—
nesta polo San Xoán mañán lavada,
con orballo arumado de naisilvas...
que translevar a ti pudera hoxe
as palabras quecidas
na fe do povo ainda resistente.
As tantas veces por túa voz vibradas,
en tímpanos anónimos
d-antes que a paz civil fose esmagada.

Palabras de mensagen
que xuntos espallamos moitos dias
nos adros das parroquias,
desde a escada de pedra dos cruceiros,
por sobrados vilegos...
de unha a outra ribeira de Galiza,
nos ouvidos despertos...,
agás para os serodios rechouchíos
dos mandachuvas recuncantes.

Primavera esquecida da que foras
o máis lanzal liláz,
denantes da súa hora deslogrado.

III

Mais agora, Daniel,
—delfín maior dos exilados nosos,
nesta a deshora hora do retorno,
van de camiño longo xa exauridos
anos demais do tempo germinante
que teus faraldos pretos agoiraran.

Xa eres cinza, Daniel,
aínda que sempre cinza namorada.
Germe en calada trasremudación
da conciencia na ideia.

Cinza asuntiva de valores prestos
a outro vizoso afloramento
que anada tras anada se reince
no miudo miragre da semente
para longas lavradas no porvir.

Verbo co son eterno propagado
no país a resgatar agora
das servidumes residuaes.
Desembargada prenda
a se facer do seu dona e señora.

IV

Con os fios de ouro da túa vida
e a fulguración da túa obra,
nos anais se escribirán,
tras de moitos capitulos de sombra
outros alumeados de esperanza,
en románicas letras lapidares,
onde unha pauta esgrevia se retrace
do modelo de Patria que soñaras
como Pondal denantes
para o solar "dos bós e xenerosos".

Sono e bandeira nosos,
que sin se transfundir en realidade
xa de abondo sería
para que teu ollar atoutiñante
e túa man sabida,
na cadea sin reixas nin algemas,
na onda fraternalia dos galegos
sufrintes vellos da orfandá do chan,
unha noite arxentina de xaneiro
no eternal exilio esmoreceras.

V

Teu nome de vogaes acoantes
—Daniel varón baril de transparencias—

polos ermos do alem onde navegas...
en volta da túa imagen
unha coral de razas se convoca.

Cal si de axiña convertido foras,
de paladino estrenuo de Galiza
nun mago para os outros
a nivel semellante marxinados.
Desembruxada plástica social,
da nosa xente pristinado molde
e dos outros trasunto avivecido,
—Con súa coor enfornados,
e seu cadril balsante, pel e ritmo...—
no obradoiro do mesmo Paradiso.

Labregos no zoar dos milleirales,
mariñeiros de mares repartidos,
matróas parideiras de emigrantes,
sanguixolas do Fisco umbilicado,
prisioneiros e mártires de Marte,
pretos de Harlem, guaxiros de Cuba,
chineses de matute na Manhatan,
gauchos de pingo e poncho pola Pampa.

VI

Unha resaca negra de saudade,
do valeiro que deixas,
desde nontronte abala a Chacarita.
Tingue de door as pedras tumulares
polos cinceles de Asorey labradas,
onde, Daniel,
gañada a peito tiñas
túa mais delongada residencia.

Rianxo de ultramundo!
Morada sin morar de unha Galiza
ciscada por espacios emprestados.
Dez anos de vivencia convivida
en comunión belixerante.
E trinta e catro mais de conmorencia.

A suma dos teus restos,
noso Daniel por Bonaval gañados,
compre que a Patria nosa faga hoxe
reasunción de cinzas asociadas.
As que todos aqueles
que túas soedades compartiron
e contigo loitaron de mans dadas.

Galiza tamen vive dos seus mortos.

LUZ POZO GARZA
(1987)

NA BANDA DO DESTERRO

Na banda do desterro
descubria de novo aque ceo *emponchado*
—coa nai do noso fillo morto—
e o Cruceiro do Sul dos navegantes lusos.

Deixabamos camiños e saudades na banda
dos Fisterres. Iban entrando
as tebras nas nosas vilas. Ermos
aldraxados. Palabras salivadas na noite
de aquel porto sen lenzo
azul e branco. E nós a nomear
as estancias amadas que apodrecen coa mágoa.
Mares deshabitados.

Tirei do noso herdo un fío
e construin a concordia das patrias o pazo
de granito e verbas consagradas.

A man inda conserva o triunfo
e a derrota dos homes fora de Galiza.
Obreiros de New York
mariñeiros de Filadelfia
carboeiros en Esmeralda
cafetaleiros en La Habana.
A terra deitada coma cerva ferida.
Nas minas do West Virginia coa faciana en sombras
vin chorar a un home.

Aquí baten as sombras co desterro.
Aquí penso nas xentes que inda levan
a terra nos ollos.
Atopei en Bos Aires unha Galiza libre
pois a alma é a miña libertade.

EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
(1984)

TERRA DE MATUTE PARA CASTELAO

Pregunto eu se Castelao, denantes de que o seu corpo torne á nosa terra, non estará xa enterrado en terra galega, pois tanta xente de nós converteuse en terra, ó longo dos anos, no cimiterio bonaerense da Chacarita que aquilo é unha Patria Galega esparexida, emigrada e amorosa.

Patria subterránea, miolo, cerne e raiz nutricia de toda patria verdadeira, erguida sobre as cinzas de milleiros de homes que, rendidos do traballo, morreron máis tristes ca ninguén porque morreron lonxe.

Un día, como o poeta quería, ascenderán á luz pola miuda escada dos lirios ventureiros, pero mirarán pasar o vento con tristura, pois o vento empalma co vento, e un vento así, destemido e longo, chama en calquera porta por lonxana que cadre, e eles endexamáis volverán a termar do portelo labrego por onde saíron un día, despedidos pola última estrela da noite, lentos e silandeiros para nos despertaren o sono de unha nai que, verdadeiramente, non dormía...

Este desabor de ver pasar o vento, sin poder marchar con el, é a saudade. Outra cousa non.

Ademais desta terra de mortos hai outra terra que quenta o corpo de Castelao —que casi non era corpo nos derradeiros días da súa vida— e eu vou a contar a historia, o conto breve de "un saquito de matute", que nós puxemos a bordo de un vapor da "Mala Real Inglesa", de cuio nome non me lembro, pois os barcos son como as nubes: pasan e detrais soio deixan preguntas, esquenzos, misterios.

Polo mes de Nadal de 1949 viñera de Buenos Aires Perfecto López, un perfecto galego, fillo de Vimianzo, pobre de somemnidade nos principios da vida, rico despois, amigo sempre, que traía, de parte de Castelao "apertas para os rapaces".

Como esto acontecía nas vísporas da sua morte, aquelas apertas destinadas a unha nación vaga, poética e fermosa de "rapaces", tiña para todos nós un fondo quentor de familia, pois todos éramos da casa ante a perda anunciada do patrón, que, antes de deixarnos, mandábanos, por riba do mar, a rúbrica dos seus brazos.

¡Pouco poderían apreixar xa aqueles brazos, onde cada serán se apousaba o fero corvo da dor, rañando coas firentes poutas a triste carne dos ombreiros, para pasar logo, chegada a noite, á gaiola augusta do peito, un peito baleiro, porque o corazón pendía xa por fóra, única condecoración aceptada na batalla final da vida!

Perfecto López quería levar terra galega para deitala, como unha almofada de sonos eternos, no cadaleito de Castelao chegada a hora da despedida, cumprindo un pedido de tantos e tantos amigos que en Buenos Aires agachaban a tristura diante do enfermo, como se a negra sombra non estivera xa rondando, famenta e espreitante, o pé dos seus cabezales.

E fumos nós, Paco del Riego, Celso Collazo e eu, os que demos cumprimento ó pedido aportando cadanseu saquiño de terra, que apañamos na beiramar de Coruxo, para que tivera sabor a mar de Rianxo, pinta de sal de máis ou de menos, que todos os mares saben amargo, se non se pode volver...

Era tempo de inverno, e nas nosas gabardinas acobillamos aquel tesouro de uns saquiños de terra, que regalábamos a quen morría desterrado. ¡Pouca terra para tanto mérito!

O carabineiro de turno, detívonos na escalinata do buque. O bulto notábase de máis e, seguramente, o que máis se notaba aínda era un ventiño de contrabando que abanaba as nosas mans inocentes.

—¿Qué levan aí?

—Levamos terra, señor.

—¿Terra? ¿Para onde?

—Para Buenos Aires.

—¿E non teñen terra alá?

—Como esta non, señor.

—A ver a mostra.

O Carabineiro abriu as saquetiñas, meteu as mans, remexeu, mirou para nós...

—¿E non será terra de matute?

—Non, non é terra de matute; é terra limpa, terra sagra. Non leva ouro, nin "wolfrang", nin diamantes. É terra feita de terra, apañada ó albur, terra ceibe, terra dos camiños, terra sen arrendo, recollida entre o mar e o campo, por onde de mañán pasou un neniño, cando aínda non levantara o orballo da noite.

—¿Son poetas?

—Tamén vostede, que vixía os barcos na mar, controla as terras.

—Boeno, falen claro.

—Ista terra vai en busca da morte. É unha terra que emigra para cubrir o corpo dun emigrante, de Castelao, que está a morrer e nós andamos xa a partir a herdanza. Deixounos un alba de gloria e tódalas cruces de pedra de Galicia, e a el tocoulle esta leira, este minifundio de amor que cabe en tres saquiños de terra, que pesan pouco porque entre a terra vai tamén moito aire, brisas da carballeiras, o perfume das herbas, algún malvis que canta, a batelada de unha campá de aldea, a voz da nai que chama polos fillos, o fume do forno que coce o pan, unha sombra, un cantar, o balbordo dunha fonte, un pouquiño de chuvia contra a tarde... Cousas leviáns, lixeiriñas, porque os que morren lonxe aturan pouco peso...

O home comprendeu. Fíxose a un lado, deixounos pasar diante del e levou a man a viseira, como se saudara, con respecto e firmeza, a un capitán. Un capitán, probiño, que non mandaba nada.

En *Castelao na luz e na sombra*, Valentín Paz-Andrade fala da terra de Rianxo deitada sobre o corpo de aquel a quen Cabanillas chamou a nosa prenda.

Non era terra de Rianxo. Polo menos, a que nós mandamos, non era terra de Rianxo, senón de Vigo, de Coruxo, frente ás Illas Cíes. Que ninguén pense que por non ser terra de Rianxo era terra de matute. Era terra de amor, apañada con saudade, con tristura, e mandada polo mar. Toda terra de amor é terra de Rianxo. Faise de Rianxo ó navegar.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

- E. Rodríguez González, "Pintores d'Almas", *A Nosa Terra*, 10-X-1917.
- R. Cabanillas, "Denates de que el gall..." É o *prólogo* da conferencia de Castelao *Algo acerca de la caricatura*, Pontevedra, Est. Tip. de la Viuda de Landín, s.a. (J. A. Durán dátaa en 1917). Trátase da conferencia pronunciada no Ateneo de Madrid, co título *La caricatura*, o 11 de maio de 1915.
- R. Cabanillas, *Via-Crucis*, nun díptico anunciador da mostra Nós. O poema incorporouno o autor á segunda edición de *Da Terra asoballada* (1926).
- R. Cabanillas, "¡Irmán Daniel!" Publícase, sen título, en *Galicia*, Revista del Centro Gallego, Buenos Aires, nº 444, 1950 (febrero), p. 21. O mesmo texto, no esencial, aparece no número extraordinario de *A Nosa Terra*, Buenos Aires, 474, Día de Galiza de 1950, p. 17. Aquí titúlase —ou titúlano— *¿De que morte morreu a nosa prenda?*
- A. Iglesia Alvariño, "¡Eu non quería aló quedar, mi madre!", *A Nosa Terra*, Buenos Aires, Día de Galiza de 1950, p. 17. O poema aparece asinado por A. I. A.
- E. Blanco-Amor, "Himno a Castelao", *Galicia*, Caracas, 5, 1953. Logo, en *Cancioneiro*, Buenos Aires, 1956.
- V. Paz-Andrade, "Cando ti volvas..." Escollemo-lo fragmento 6 (o derradeiro) de *Pranto matricial*, Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro

Gallego, 1955. (Edición bilingüe —a traducción castelá é de María de Villarino— ilustrada por Colmeiro, Souto, Maside e Torres). En 1975 Ediciós do Castro publicou unha edición pentalingüe: castelán (María de Villarino), portugués (Guillerme de Almeida), catalán (Francesc Valluerdú) e euskera (G. Aresti).

- S. Martínez Risco, "Ti que cruzache o mar", *4 ventos*, Braga, 7/outubro/1955.

- A. Iglesia Alvariño, "Castelao", *Nenias*, Vigo, Col. Salnés, 1961.

- R. Dieste, "¡Ai, romaxe aquela!", Varios, *Castelao na voz dos poetas e...*, Ediciós do Castro, 1970.

- S. Risco, "Encontro", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 357, 1975.

- X. L. Franco Grande, "Irmán Daniel, non volvas", *Homenaxe a Castelao*, Universidade de Santiago de Compostela, 1976. Poema recolleito en *Herdo de memoria e tempo*, Vigo, Xerais, 1987 (seguimos esta edición).

- S. García-Bodaño, "Agarda", *Grial*, Vigo, nº 47, 1975. (Poema recolleito, logo, en *Tempo de Compostela*, 1978, e en *Obra poética,* 1993).

- L. Pozo Garza, "As mans dos cegos", *Nordés*, A Coruña, 1, 1975. (Na sección "Homenaxe de *Nordés* a Castelao").

- V. Paz-Andrade, "Ode sin pranto ás cinzas resgatadas", *El Correo Gallego*, 28-VI-1984, (e noutros xornais galegos).

- L. Pozo Garza, "Na banda do desterro", *Coroa poética para Castelao* (ed. de X. Alonso Montero), Ediciós do Castro, 1988.

- E. Álvarez Blázquez, "Terra de matute para Castelao", *Faro de Vigo*, 10-VI-1984.

APÉNDICES

NOTA PRELIMINAR

No apéndice I ofrécense documentos e textos ós que se fai referencia nos correspondentes epígrafes da Cronoloxía deste volume. Na mesma cronoloxía faise referencia ás fotografías e obras de arte que se reproducen no apéndice II.

No apéndice I ofrecemos, entre outros textos, a cuberta e a primeira páxina da conferencia *Arte e galeguismo*, manuscrito de corenta e catro páxinas obrante nos arquivos da nosa institución. Non sabemos, hoxe por hoxe, cándo nin quén o doou á Academia. De *Arte e galeguismo* a edición máis responsable é a feita por Henrique Monteagudo (Castelao, *Conferencias e discursos*, Santiago de Compostela, Fundación Castelao, 1996, pp. 19-38). O texto do manuscrito da Academia contén rasgos —mínimos en xeral— que haberá que ter en conta en futuras edicións.

APÉNDICE I

FACSÍMILES

1. Manuscrito autógrafo de "O retrato" de Castelao.

2. Manuscrito autógrafo de *Arte e galeguismo* de Castelao.

3. Antonio Fraguas proposto como numerario (12-II-1951).

4. Tres cadros de Castelao para a Academia (1963).

ORIXINAL DE CASTELAO (MANOSCRITO Nº 2)

PUBRICADO N'O LIBRO "RETRINCOS"

RETRATO

Por amainal-a concencia guindei co meu tíduo de médico no fondo d'unha gabeta e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; pero unha noite foron requerido-os meus servicios...

Era domingo. Melchor, o tabomeiro, agardaba por min ô pé da porta. Doume ás "boas noites" e rompeu a chorar e por antr'os saloucos saíanlle as verbas tan estrinchadas que somentes logrou decirme que tiña un fillo a morrer.

O probe pai turraba por min y-eu deixábame levar enfortizado pol-a sua dor. E tiven tan fortes ancias de complacel-o que sentín ~~[illegible]~~ xurdir nos meus adentros unha gran cencia... E cando chegamos logrei arriarme de Melchor, e con finxido acoitamento confeseille que eu sabía moi pouco...

— Repara que fai moitos anos que non visito enfermos.

E o probe Melchor facendo un esforzo para que as verbas saisen enteiras sioumo quedamente:

— O meu filliño xa non precisa de médicos, señor, eu xa sei que o coitado non pasa da noite. O rapaciño váisenos e non teño ningún retrato seu.

Ay, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por veirme ceibe de angueira tan macabra díxenlle que unha fotografía era moito mellor que un

desexo, asegureille que de morte poden facerse fotografías, e botando man de outros razoamentos logrei que Melchor largase de min voando a cata d'un fotógrafo.

O choyo quedaba arroubado e fumme durmir con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

—¡O fotógrafo non teñen magnesio!

E díxonmo tremendo de anguria. A faciana albeira e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamáis fitei un home tan desfeito pol-a dor. Prexaba, prexaba, e collíame as mans e turraba por min e o mísero decía cousas que me rachaban as entrañas.

— Considérese, señor, Dou riscos de vostede ni'un papeliño e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. Non me deixe na escuridade, señor.

¡Quén tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba en amarelo duas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro d'aquela probeza da materia.

(5)

Sen decir ren sentéime a dibuxar o que ollaban os meus ollos de terra e somente ô cabo de algún tempo conseguín afacerme ô drama que fitaba e ainda esquecelo un pouco para poder traballar aforvado, como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silenzo, fíxenme con istas verbas:

— O peliño de rato que ten agora quedoulle así de enfermedade; pero tiña un pelo crecho moi bonito. Faga memoria, señor.

Confeso que ô volver â realidade non soupen que facer e póxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. E a voz de Melchor ~~dixo~~ fíxenme no corazón:

— Pol-a y-alma dos seus difuntiños, señor, non me retrate así. Non lle poña esa cara tan encoveirada e ~~tan triste~~.

O silenzo volveu e Melchor esgazoume novamente:

— Vostede sabe como era o meu rapaciño, señor, que ainda un día lle chamou bonito. Faga memoria e dibúxeno rindo.

De súpeto naceume unha gran idea. Rachei o traballo, ensuguín o meu ollar n'un novo papel branco e dibuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo a sorrir dende un retablo barroco.

Entreguei o dibuxo e saín fuxindo e no intre de poñel-o pé na rua sentín que choraban



dentro da casa. A morte viñeira.

—

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di co-a mellor fé do mundo:

— Tiven moitos fillos, pero o miái bonito ~~de~~ de todos foi o que me morreu. Velahí está o retrato, que non minte.

Castelao


Folletin
ARTE:A
GALEGVIS
MO
MCMXIX

Cumplindo un deber de outo patriotismo, ou mellor dito ainda, d'un matriotismo que aceo levo sempre n'o peito, vou falar en galego

N'a fala doce e sentida
Antre bicos deprendida
N'o colo de miña nai

que diso o poeta d'a raza.

Pra que vos fale en galego abonda qu'eu sepa un d'os que traballan pra erguer a concencia diferenciante d'a nosa personalidade nacional; mais eu agora non vou á falar como galeguista senon como namorado d'un Arte que sendo rexional poudera conquerir universalidade.

Un idioma non é somente un peito d'expresión. Se así fose haberia que matar o galego, e despois, pol-as mesmas razóns, teriamos que matar o castelán, atá que atopásemos c'o idioma que tivese o máis outo creto científico, o máis grande valor bibliográfico. Non; un idioma non é somente un peito d'expresión, é tamén unha fonte de Arte. ¿Quen fose poeta pra decirvos o qu'é un idioma! Eu, artista, por non ollar cegada unha fonte

A LA REAL ACADEMIA GALLEGA

Los Académicos de Número que suscriben, tienen el honor de proponer para NUMERARIO de la Corporación en la vacante existente en la misma por fallecimiento del también Numerario don Alfonso Rodríguez Castelao, al distinguido escritor DON ANTONIO FRAGUAS Y FRAGUAS, el cual, entre otros títulos que dicho Sr. posee, según se advierte en la adjunra relación, es catedrtico del Instituto de Lugo.

En el candidato a que se alude concurren aquellas circunstancia que se indican en los Estatutos y Reglamento porque la Corporación se rigera ocupar los sillones académicos.

Santiago, 12 de febrero de 1951.

Salustiano Portela Pazos

R. Otero Pedrayo

[illegible]

REAL ACADEMIA GALLEGA

Acta de Junta de Gobierno 2/11/63

Sebastián Martínez Risco
Leandro Carré Alvarellos
Antonio Meijide Pardo

En la ciudad de La Coruña, a dos de noviembre de mil novecientos sesenta y tres, reunidos en el domicilio social, salón municipal los señores relacionados al margen presididos por el señor Martínez-Risco y actuando de Secretario el señor Meijide Pardo, celebraron Junta de Gobierno. Eran las trece horas.

Carta del director-gerente de "Aguas de Mondariz, S.A." relativa a los cuadros de Castelao

Se vió una carta del director-gerente de "Aguas de Mondariz" don Luis Elvira Guzmán, contestación a la que se le envió por el Presidente, respecto de los cuadros de Castelao que aquella Sociedad ha acordado donar en depósito a la Academia a iniciativa del consejero don Isidro Parga Pondal, en la que manifiesta su satisfacción porque la Corporación hubiese aceptado el ofrecimiento, e indicando, acerca de lo que se le participaba de que por los propios servicios de la Empresa, se procediese al traslado de dichos cuadros que a ésta le resulta imposible por cuanto sus clientes se sirven directamente y no dispone de trayspontes. Se tomó el acuerdo de de hablar con el señor Parga Pondal al objeto de que por éste se indique la mejor forma de hacer el traslado y escribir al señor Elvira participándole el resultado de aquella entrevista con el señor Parga.

Congratulación por el feliz resultado de la operación sufrida por el R.P. José Rubinos.

Se adoptó el acuerdo de congratularse muy viva y sinceramente del feliz resultado de la operación quirúrgica a que fué sometido recientemente el R.P. José Rubinos Ramos, esclarecido hijo de Galicia, miembro de Honor de la Academia y Presidente de la Asociación Juiciadora y Protectora de la misma en La Habana, haciéndole llegar este testimonio y el de la felicitación más expresiva.

Felicitación al señor Melo Barreto

También se acordó felicitar al digno Cónsul de Portugal en La Coruña don Enrique Melo Barreto, miembro correspondiente de la Academia, por la merecida y reciente distinción de que acaba de ser objeto por parte del Ayuntamiento, nombrándole hijo adoptivo de la ciudad.

Fue examinado y aprobado el borrador de

APÉNDICE II

ICONOGRAFÍA NA ACADEMIA

1. Cadro de cegos I.

2. Cadro de cegos II.

3. Cadro de cegos III.

4. Fotografía do día de ingreso na Academia.

5. Autocaricatura.

6. Fotografía de Castelao neno antes de emigrar á Pampa.

Recepción de Castelao na Academia (Salón do Consistorio da Coruña, 25 de xullo de 1934). De pé, de esquerda a dereita: Sebastián González, Eladio Rodríguez González, Enrique Peinador Lines, Gonzalo López Abente, Pura González de Lugrís, Celia Brañas Fernández, Ramón Otero Pedrayo, David Fernández Diéguez, Ángel del Castillo e Fernando Cortés Bugía. Sentados, de esquerda a dereita: Fernando Martínez Morás, Castelao, Manuel Lugrís Freire, Antonio Villar Ponte e Félix Estrada Catoyra.



ÍNDICE

Limiar. Significado desta homenaxe 5

Cronoloxía. Castelao na Academia / a Academia e Castelao 9

A ACADEMIA E CASTELAO EN TEMPOS MENESTEROSOS (1936-1975): PRESENCIAS, HONRAS, PROBLEMAS... 15

1. *Castelao non causa baixa na Academia (1936-1950)* 15
2. *A necrolóxica oficial de Castelao asinada por R. O. P.* (sic) *en 1950* 17
3. *A sucesión de Castelao: Antonio Fraguas (1951, 1956)* 18
4. *Castelao na Academia na era de Sebastián Martínez-Risco (1960-1977)* ... 19

PRIMEIRA PARTE. TRABALLOS ACADÉMICOS

R. O. P. (Ramón Otero Pedrayo): "Castelao" 25

Antonio Fraguas Fraguas e Ramón Otero Pedrayo (8-V-1956)
Antonio Fraguas Fraguas: "['Laudatio' de Castelao]" 29
Ramón Otero Pedrayo: "[Resposta ó discurso de Antonio Fraguas] 33

Sebastián Martínez-Risco (5-X-1963)
Sebastián Martínez-Risco: "[Resposta ó discurso de Ánxel Fole]" 37

Ramón Piñeiro (3-XI-1973)
Ramón Piñeiro: "[Resposta ó discurso de Marino Dónega]" 43

SEGUNDA PARTE. COROA LITERARIA: DEZASEIS POEMAS PARA CASTELAO E UN RELATO POÉTICO EN PROSA

Eladio Rodríguez González: "Pintores D'almas" 51
Ramón Cabanillas: "Denantes de que el fale…" 53
Ramón Cabanillas: "Via-crucis" 55
Ramón Cabanillas: "[Irmán Daniel]" 57
Aquilino Iglesia Alvariño: "¡Eu non quería aló quedar, mi madre!" 59
Eduardo Blanco-Amor: "Himno a Castelao" 61
Valentín Paz-Andrade: "Cando ti volvas…" 63
Sebastián Martínez-Risco: "Ti que cruzache o mar" 65
Aquilino Iglesia Alvariño: "Castelao" 67
Rafael Dieste: "[¡Ai, romaxe aquel!]" 71
Sebastián Risco: "Encontro" 75
Xosé Luís Franco Grande: "Irmán Daniel, non volvas" 77
Salvador García-Bodaño: "Agarda" 79
Luz Pozo Garza: "As maus dos cegos" 81
Valentín Paz-Andrade: "Ode sin pranto ás cinzas resgatadas" 83
Luz Pozo Garza: "Na banda do desterro" 89
Emilio Álvarez Blázquez: "Terra de matute para Castelao" 91

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS 95

APÉNDICES

Apéndice I. Facsímiles
1. Manuscrito autógrafo de "O retrato" de Castelao 103
2. Manuscrito autógrafo de *Arte e galeguismo* de Castelao 107
3. Antonio Fraguas proposto como numerario (12-II-1951) 109
3. Tres cadros de Castelao para a Academia (1963) 111

APÉNDICE II. ICONOGRAFÍA NA ACADEMIA
1. Cadro de cegos I 115
2. Cadro de cegos II 117
3. Cadro de cegos III 119
4. Fotografía do día de ingreso na Academia 121
5. Autocaricatura 123
6. Fotografía de Castelao neno antes de emigrar á Pampa 125

Este volume rematouse
de imprenta-lo día 15 de decembro de 1999,
data na que a Real Academia Galega
homenaxeou a Castelao no Paraninfo
da Universidade de Santiago de Compostela.

ISBN 84-87987-20-6

AL AC
GALE
A CO
38
ibliot